# AUTOINFORME DE SEGUIMENTO

Grao en Filosofía

Curso Académico: Curso 2017-2018

- Datos da universidade e do título obxecto do seguimento
- Cumprimento do proxecto establecido
    - Dimensión 1. A xestión do título
        - Criterio 1. Organización e desenvolvemento
        - Criterio 2. Información e transparencia
        - Criterio 3. Sistema de garantía de calidade
    - Dimensión 2. Recursos humanos
        - Criterio 4. Recursos Humanos
        - Criterio 5. Recursos materiais e servizos
    - Dimensión 3. Resultados de aprendizaxe
        - Criterio 6. Resultados da aprendizaxe
        - Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento
- Listaxe de evidencias e indicadores
- Modificacións do plan de estudos
- Plan de Melloras Grao en Filosofía:
    - Rematadas: curso 2017-2018
    - Propostas: curso 2018-2019
- Plan de Melloras Facultade de Filosofía:
    - Rematadas: curso 2017-2018
    - Propostas: curso 2018-2019

| 1. DATOS DA UNIVERSIDADE E DO TÍTULO OBXECTO DE SEGUIMENTO | |
|---|---|
| Denominación do título | Grao en Filosofía |
| Mencións/Especialidades | --- |
| Universidade responsable administrativa | Universidade de Santiago de Compostela |
| En caso de títulos interuniversitarios, universidade/s participante/s | --- |
| Centro responsable | Facultade de Filosofía |
| Centro/s onde se imparte | Facultade de Filosofía |
| Rama de coñecemento | Artes e Humanidades |
| Número de créditos | 240 ECTS |
| Profesión regulada | --- |
| Modalidade de impartición | Presencial |
| Curso de implantación | 2009/2010 |
| Data acreditación ex ante (verificación) | 01/06/2009 |
| Data renovación acreditación | 11/07/2017 |

## 2. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO:

**Estándar: O programa formativo está actualizado e implantouse de acordo coas condicións establecidas na memoria verificada.**

Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos se realizou conforme á memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte dos estudantes.

**1.1.- O título mantén o interese académico e está actualizado segundo os requisitos da disciplina, avances tecnolóxicos e científicos, necesidades socioeconómicas e requisitos da profesión.**

Aspectos a valorar:

- O perfil formativo/egreso do título mantén a súa relevancia e está actualizado segundo os requisitos do seu ámbito académico, científico e profesional e, no seu caso, segundo as necesidades e requisitos da profesión regulada.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

En termos xerais, entendemos que o perfil formativo do título de Grao en Filosofía (USC) mantén a súa relevancia e carácter actual de acordo cos requisitos que regulan: (A) o seu ámbito académico-científico, (B) o seu ámbito profesional.

A) Malia ao contexto de crise que as materias de Filosofía, sometidas a unha redución, están a sufrir no Ensino Secundario (onde, sen dúbida, se produce un primeiro contacto dos nosos potenciais estudantes coa Filosofía), a relevancia e actualidade do título de Grao en Filosofía se pon de manifesto na tendencia crecente de matrícula que se ven producindo durante os últimos anos: no curso 2014-15 foi 39 o número de alumnado matriculado de novo ingreso, incrementándose ata 51 no seguinte curso 2015-16, seguimos crecendo ata 55 no curso 2016-17, acadando 73 no curso 2017-18. Evidenciase un aumento moi significativo do 32,73% (IN05G-PC-05) verbo do curso 2016-17, e dun 71,34% de tendencia alcista acumulada dende o curso 2013-14 no que se sitúa a orixe de cambio de tendencia. O incremento de matrícula do curso 2017-18 supuxo esgotar en "Matrícula de acceso" (IN03G-PC-05) o número de prazas ofertadas polo título, situando a nosa taxa de ocupación en 112,31% (IN12G-PC-05). Pódese ver no seguinte gráfico:

Matrícula de novo ingreso por preinscrición (IN04G-PC-05):

| | 2012-13 | 2013-14 | 2014-15 | 2015-16 | 2016-17 | 2017-18 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Total | 58,00 | 39,00 | 39,00 | 51,00 | 55,00 | 73,00 |

USC FACULTADE DE FILOSOFÍA




Tamén constatamos, segundo o "Informe de procedencia xeográfica" (Inf. 16), que o Grao de Filosofía da USC, como único Grao de Filosofía do SUG, cumpre o necesario servizo institucional e académico de atender á demanda de matrícula en Filosofía formalizada por unha inmensa maioría de estudantes da Comunidade Autónoma de Galicia que optaron por esta opción formativa: en torno ao 97% do total dos nosos matriculados provén de Galicia, mais é salientable reparar que no curso 2017-18 duplicouse o número da matrícula de estudantes do resto do territorio español, pasando do 2,22 % (2016-17) a 2,97% (2017-18) (IN09G-PC-05). Estes números, aínda que mellorables, supoñen a mellor porcentaxe dos últimos anos (media 2012-2015: 1,68%).

Entendemos que este ininterrompido aumento de matrícula está directamente relacionado, entre outras posibles causas, coas Accións de Mellora (pertencentes ao Plan de Mellora do Grao) especificamente orientadas á captación de novo alumnado, desenvolvendo iniciativas que reforzan a visibilidade dos nosos estudos para a sociedade. Neste eido, puxemos especial interese na apertura de novos espazos profesionais para os nosos egresados/as, potenciando o carácter da Filosofía non só como unha especialidade en si mesma con perfil docente e investigador, senón tamén o seu valor formativo con tendencia profesionalizante, e sen esquecer a súa importancia como título complementario doutras titulacións de grao e máster. Entendemos que este carácter "transversal" da Filosofía, de "relación con outras disciplinas", constitúe a causa da AM 7 (Plan de Mellora do Grao 2017-18) pola que se pretende dar "maior visibilidade aos estudos de filosofía" (cunha actividade deseñada por horarios, metodoloxía e formato) especialmente para "ao alumnado exterior ao Centro", co propósito de reforzar a constante que entendemos como moi positiva, de contar cada ano entre o noso alumnado de Grao con estudantes que veñen de/con outras titulacións.

Máis alá do contemplado no Plan de Viabilidade, executáronse Accións de Mellora moi concretas, promovendo efectos positivos sobre a titulación que non só se evidencian na referida tendencia á alza da matrícula. Algunhas destas Accións de Mellora consolidáronse finalmente como protocolos e procedementos habituais de funcionamento do título, en especial cabe destacar aquí aquelas destinadas a favorecer á

proxección social da nosa titulación, como o Día da Filosofía, a Semana da Filosofía Xoven ou a Olimpíada Filosófica que aglutina no noso Centro a presencia dun gran número de estudantes de Ensino Secundario, aproveitando os motivos da mesma para establecer un primeiro contacto non só co noso Centro, senón tamén co PDI do mesmo, moi implicado no desenvolvemento desta actividade en estreita colaboración cos profesores de Ensino Medio. Neste ámbito de proxección do noso Título, cómpre recordar que o noso Centro participa moi activamente no Programa A Ponte, (Coord. Prof. Javier Barcia) que desenvolve as visitas dos estudantes de Institutos de Bacharelato ao noso Centro, ofrecéndolles durante a visita material divulgativo sobre a nosa Titulación. Tamén cabe subliñar, no desenvolvemento deste Programa A Ponte, a participación de varios docentes do Centro impartindo, en diversos Institutos de Ensino Secundario, distintas conferencias cada ano sobre temas de actualidade, que poñen de manifesto a profunda relación da filosofía con cuestións sociais. Esta política do noso Centro de colaboración co Ensino Medio vense desenvolvendo desde xa hai moitos cursos coa organización dos "Encontros Galegos de Filosofía" (máis de seis edicións celebradas), deseñados como espazos congresuais reservados á participación (como conferenciantes) de profesores de Ensino Medio no noso Centro. Ademais véñense fortalecendo esas pontes co Ensino Medio no desenvolvemento da AM2 (Plan de Mellora 2016-17) pola que tivo lugar unha xornada específica de encontro con profesorado de Ensino Medio coa fin de valorar o presente e futuro da Filosofía no Ensino Secundario promovendo unha estreita colaboración co grupo de profesores que liderou a reivindicación (ILP) para a recuperación da materia de Filosofía como obrigatoria no bacharelato. Nesta liña de traballo, tamén temos en concreto comprometida a AM7 (Plan de Melloras do Grao 2018-19) que promoverá un Congreso da Facultade de Filosofía no que se dispón unha sección en concreto á participación do Profesorado de Ensino Secundario sobre a temática do "Camiño a percorrer pola Filosofía nesa etapa formativa".

Dende entón, a Facultade de Filosofía non reduciu os seus esforzos de proxección social do valor da súa titulación indo máis alá das iniciativas xa mencionadas, pois tamén cabe reparar na AM1 (Plan de Melloras do Grao 2016-17) orientada á "elaboración de material informativo para potenciais grupos de interese do noso ámbito de estudios". Neste sentido, gracias á execución desta Acción e conforme ao Plan de Viabilidade, puidemos acometer a tarefa de elaborar material divulgativo sobre a presenza do noso Centro no ámbito cultural, académico e social, que actualmente se atopa inxerido na páxina Web do Centro, especificamente nos capítulos de "presentación" e "saídas profesionais" da nosa titulación. En continuidade con esta labor, demos cumprimento á AM1 (Plan de Melloras do Grao 2017-18), procedendo a ampliación de "material informativo para grupos de interese acerca da filosofía como disciplina", e tamén conforme á AM1 (Plan de Melloras do Grao 2018-19) procederase á "difusión destes materiais a través da páxina web do Centro". Pódese así observar a constante liña de acción, continuada no tempo, que pon de manifesto o noso compromiso coa ampliación da proxección da Filosofía na sociedade.

Conforme a AM7 (Plan de Melloras da USC 2017-18) orientada a "dar maior visibilidade á información pública dos títulos nas páxinas web", especialmente a información relevante para a toma de decisión do alumnado, a Facultade de Filosofía non dubidou en acudir a unha empresa consultora de egresados de Filosofía co propósito de recadar información e ideas sobre as posibilidades da presenza da Filosofía no funcionamento das Institucións. Nesta liña, cabe reparar que xa con anterioridade a AM8 (Plan de Melloras do Grao 2016-17) fixaba o obxectivo de proxectar a temática da Filosofía sobre a sociedade e con tal fin promoveuse unha serie de conferencias periódicas sobre temas transversais á filosofía, precisamente impartidas por especialistas doutros Centros. Esa Acción sinalada, unha vez executada, viuse formalmente reformulada, aínda que substancialmente mantivo o obxectivo de promover a proxección e permeabilidade social do saber filosófico verbo doutras especialidades académicas, e así na AM7 (Plan de Melloras do Grao 2017-18) procedeuse (con éxito de público) a realización dun Ciclo de "Cine e Filosofía" de xeito que utilizando a universal linguaxe cinematográfica abriuse a oportunidade de debater sobre temáticas de calado filosófico cun amplo abano de persoas de diversas especialidades, promovendo non só o carácter transversal da Filosofía, senón tamén e máis elementalmente conseguiuse atraer ao noso Centro a un público moi diverso, favorecendo a conciencia da Filosofía como especialidade transversal e aberta as máis actuais cuestións sociais. Consideramos que esta Acción de Mellora é un exemplo que reforzou a visibilidade dos estudos de Filosofía, especialmente no alumnado doutros Centros.

Mas a proxección do noso Título non foi só traballada no "eido social", senón que tamén promovemos algunha Acción máis dirixida ao ámbito académico. Canto a proxección do noso Centro a nivel académico

cómpre ter en conta que se trata dun Centro relativamente pequeno en termos cuantitativos verbo doutras Titulacións da USC. Nembargantes, tamén é certo que somos o único Centro de titulación de Grao de Filosofía no SUG e entendemos que esa singularidade, sempre avalada por estes índices de calidade, debe de conlevar unha natural proxección da Facultade sobre o entorno académico máis inmediato. Entendemos que a presenza da Filosofía no conxunto de disciplinas singulares presentes no SUG podería situarnos na actual configuración do proxecto institucional que se manifesta no Campus da Cidadanía. Para elo, cabe destacar que o noso Centro promoveu interdisciplinarmente a incorporación de PDI doutros Centros na impartición de contidos do título de Máster, subliñando o feito de que o noso título de Máster ten precisamente a denominación de "Coñecemento e Cidadanía". Actualmente seguimos a traballar na mellora desta proxección estratéxica da Facultade de Filosofía no ámbito académico máis próximo promovendo a través da AM7 (Plan de melloras do Centro 2018-19) a apertura dun concepto orzamentario específico interno (ata o momento inexistente) para a contribución á celebración de Congresos e Reunións científicas (2019), que sexan organizadas polo PDI do Centro e que potencien a visibilidade das Áreas de coñecemento que non só constitúen a nosa Titulación, senón que tamén entendemos como transversais e necesarias na configuración do Campus da Cidadanía.

B) A Facultade de Filosofía non só fixo esforzos na proxección do seu interese no ámbito académico e tamén social, senón que ademais se comprometeu abertamente coa necesidade de abrir unha reflexión sobre a súa dimensión no ámbito profesional, apuntando á ampliación de novos espazos profesionais para a nosa titulación. No curso 2016-17 comezamos a establecer iniciativas concretas para favorecer a incorporación de potenciais espazos profesionais para o noso título e avanzar, así tamén, na proxección social da Filosofía.

Nesta liña de traballo, enmarcada nunha reflexión sobre a dimensión profesionalizante da Filosofía, comezamos con dúas Accións de Mellora tomando como interlocutores aos egresados de Filosofía situados en ámbitos profesionais diferentes ao ensino, que asumimos como exemplos de novos espazos profesionais posibles. No curso 2017-18, precisamente con ocasión da renovación da acreditación do título, formouse un grupo de traballo nesta dirección, que non só permaneceu activo durante ese curso 2017-18, executando a AM2 (Plan de Melloras do Grao 2017-18) que promovía a "creación de grupos de discusión con egresados para obter información sobre as demandas dos ámbitos de inserción profesional dos especialistas en filosofía", senón que incluso conforme á AM-02 (Plan de Mellora do Grao 2018-19), en coherencia e continuidade co traballo emprendido en cursos anteriores, procédese á proposta de constitución con eles dun Comité Consultivo a disposición do noso Centro. Deste xeito pódese consolidar este grupo de traballo de forma periódica, como Comité Asesor na información e articulación entre as demandas profesionais da sociedade actual verbo das posibles actualizacións ou adaptacións do Grao. Non só demos cumprimento á recomendación proposta no Informe de Avaliación para a Renovación da Acreditación que nos indicaba a conveniencia de "realizar un seguimento sistemático dos egresados convertendo en protocolo do Centro o que se está a facer de maneira más informal", senón que isto resultou ser tamén o inicio dun dos esforzos más destacables do Centro, neste eixo de promoción da condición profesional do noso título: a AM-04 (Plan de Melloras do Grao 2016-17) orientada á posible apertura de "potenciais espazos profesionais para os egresados de Filosofía". Naquel curso 2016-17 se promoveron uns primeiros contactos con distintas Institucións culturais galegas nas que, tamén por consello das iniciativas anteriormente sinaladas, coidamos que a Filosofía podería ter presenza. Aqueles primeiros contactos foron consolidándose no curso 2017-18 concretándose conforme a AM4 (Plan de Melloras do Grao 2017-18) como a "articulación de convenios con distintas Institucións e empresas para formalizar unha oferta de prácticas externas para o alumnado". Cabe indicar que, a pesar das dilacións temporais que ten implicado o proceso de supervisión por parte das Oficinas Xurídicas das Institucións da rúbrica deses Convenios, sempre insistimos en que esta posibilidade atopábase contemplada na Memoria para a verificación do título (MVT) obrando como un forte compromiso para nós, convencidos de que a realización de prácticas incrementa o valor das titulacións e facilita certa experiencia laboral aos nosos egresados/as. Se no curso 2016-17, nunha primeira fase, valorouse a idoneidade dalgunhas Institucións preseleccionadas, foi no curso 2017-18 cando se estableceu con elas sucesivas entrevistas encamiñadas á firma dos correspondentes convenios, primeiro co Consello da Cultura Galega e a Fundación Granell, incorporándose posteriormente no curso 2018-19 a firma bilateral coa Fundación Penzol, e moi significativamente co Parlamento de Galicia, o Valedor do Pobo e a organización política do Bloque Nacionalista Galego (BNG), sendo susceptible de ampliarse este listado de Institucións cara outras coas que se mantivo entrevista e actualmente estase a traballar de xeito moi avanzado na rúbrica do Convenio. Nesta liña de Accións de Mellora, cómpre sinalar que se avanzou aínda máis e conseguimos concretar aqueles Convenios nunha proposta de "Convocatoria de prácticas", tal e como se recolle

na AM-03 (Plan de Melloras do Grao 2018-19): "Convocatoria de prácticas" que dispón e regula a implementación desas Prácticas Externas no Plan de Estudos do Grao de Filosofía. Deste xeito, parece razoable pensar que o estudantado dos últimos cursos poderá ter xa a opción de realizar as prácticas a finais do curso 2018-19.

Por último, cómpre sinalar que a nosa Facultade permanece activa, receptiva e atenta ás diversas cuestións e informacións que teñan que ver co futuro da titulación e con todos os elementos que poidan implicar unha futura renovación e mellora do Grao, en calquera dos seus aspectos.

**1.2.- O plan de estudos desenvolveuse seguindo a oferta de módulos e materias previstas na memoria verificada.**

Aspectos a valorar:

- A oferta de módulos e materias correspóndese co establecido na memoria de verificación e, se é o caso, nas sucesivas modificacións.
- O Desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación, correspóndense co establecido na memoria de verificación e permite a consecución das competencias. O tamaño dos grupos é adecuado ás actividades formativas.
- No seu caso, o curso de adaptación cumpre a súa función en canto á adquisición de competencias e coñecementos, por parte dos estudantes que os cursen e adecúase ao establecido na memoria de verificación do título.
- Participación do alumnado en programas de mobilidade.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A) O plan de estudos desenvolveuse con total normalidade seguindo a oferta de materias prevista na MVT. A oferta de materias do Grao de Filosofía no 2017-18 correspondeuse co establecido na Memoria de Verificación do Título (MVT). O único precedente de variación deuse xa no pasado, cando en 2013-15 se intercambiaron dúas materias de semestre, aprobado polas instancias de Xestión da organización docente da USC, previa motivación xustificada do Centro en razón da optimización do noso PDI na procura dunha mellor distribución do seu encargo lectivo por semestre nun contexto de numerosas xubilacións suxeitas a taxa de reposición cero. Aquelas pasadas modificacións foron consignadas no Informe de renovación da Acreditación. No curso 2016-17 non se produciron cambios. No curso 2017-18 tampouco se produciron cambios neste sentido. No curso 2018-19, malia ter recibido algunha solicitude de modificación, a Xunta de Facultade considerou desestimala considerando que primeiro se debían esgotar todas as posibilidades de acción que permite o POD antes de acudir á modificación de PDA.

Cabe reparar moi positivamente que, en liña co exposto no anterior apartado sobre a "actualización" do Título, o Grao de Filosofía ampliará no curso 2018-19 a súa oferta de materias, xa que se está a traballar na Convocatoria de "prácticas externas" como posibilidade que xa estaba recollida na Memoria do título e que agora desenvolvemos. A devandita convocatoria articula o procedemento de implantación e desenvolvemento desta "materia" no actual plan de estudios (6 créditos). Unha incorporación de materia nova "prácticas externas" na que o Centro ven traballando con continuidade: na AM4 (Plan de Melloras Grao de Filosofía 2017-18) desenvólvense os primeiros contactos e firma dos primeiros convenios coas Institucións que acollen as prácticas e na AM-03 (Plan de Melloras do Grao 2018-19) se procede á ampliación de convenios e á articulación dunha "Convocatoria específica" que permita desenvolver academicamente os devanditos convenios. O Centro quere analizar o funcionamento que terán estas "prácticas externas", o que permitirá ampliar o número de Institucións de acollida de prácticas e mellorar os procedementos regulados por esta primeira "Convocatoria" na historia da nosa Titulación.

B) En canto o desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, así como sistemas de avaliación, non se observaron, durante o curso 2017-18, incidencias negativas significativas, xa que se desenvolveron conforme o establecido na Memoria de Verificación e máis concretamente cumprindo o especificado nas correspondentes Guías Docentes das materias do Título.

Neste eido, cabe subliñar o esforzo realizado polo Centro para a mellora e homoxeneización dos

Programas e das Guías Docentes de todas as materias da Titulación. Se no curso 2016-17 se introduciran algunhas melloras nas Guías Docentes no que respecta especificamente á formulación de competencias e á especificación de sistemas de avaliación, no curso 2017-18 continuamos con este estándar de mellora de xeito que en todas as Guías Docentes se chega xa a especificar a correspondencia entre as Competencias e a Avaliación e mesmo se introduciu a formulación relativa ao sistema de avaliación do alumnado obxecto de dispensa de asistencia académica. Por máis, malia que non consta como obriga por parte da USC a realización da Guía Docente, no noso Centro existe unha Guía Docente para cada materia, complementando o seu Programa, e ademais atópanse á disposición de todo o alumnado (mesmo do noso potencial alumnado) na páxina web da Facultade.

Consideramos que este cumprimento dos parámetros comprometidos a través das Guías Docentes das materias contribúen directamente na xeral "Satisfacción do alumnado coa docencia recibida" (IN46G-S01-PM-01) que neste curso 2017-18 é de 3,71 (1-5), e que resulta un dato que estimamos positivo na medida en que vai crecendo constantemente dende o curso 2012-13 no que o indicador se situaba en 3,47 (1-5). Tamén entendemos que este correcto desenvolvemento das actividades académicas tradúcese na positiva "taxa de éxito" (IN35G-S01-PM-01) que neste curso 2017-18 é de 84,39% (manténdose moi próxima á media interanual do 85%). En liña con estes factores positivos, cómpre tamén reivindicar o esforzo posto polo Centro no desenvolvemento do Plan Académico que evidencia a "taxa de eficiencia en termos de rendemento dos egresados" (IN53G-S01-PM-01) situada no 80,22%.

Sen embargo, aínda a pesar destes elementos positivos e dos esforzos sinalados, cabe reparar tamén en tres datos que resultan menos satisfactorios para o noso título:

1- Xa no curso 2016-17, e máis concretamente durante o curso 2017-18, a través da AM3 (Plan de Melloras de Grao 2017-18), o Centro asume a iniciativa de tentar localizar algunhas posibles causas do que entendemos un elevado índice de abandono da titulación, que se produce fundamentalmente durante o primeiro curso. Esta taxa de abandono en primeiro curso é de 26% no 2017-18 (IN40G-S01-PM-01). Aínda que alta, atopamos que se trata dunha taxa moi variable durante os últimos anos, xa que está moi relacionada co ininterrompido ascenso de matrícula que felizmente está a ter o título. Neste sentido, o actual índice de abandono do 26% atópase próximo a media interanual do 24,75% marcada dende 2012-13. Somos conscientes de que nos atopamos ante unha referencia que non entendemos como positiva e en consecuencia o Centro deseñou algunhas Accións de Mellora que directa ou indirectamente tentan corrixir esta tendencia, especialmente a través do traballo de análise das estatísticas de avaliación de cada materia así como o correcto funcionamento das mesmas, levadas a cabo no seo do programa de coordinación de cursos, que resultan motivo de informes elaborados polo Coordinador de Grao. Máis alá destas iniciativas, se encontra tamén a AM3 (Plan de Melloras de Grao 2017-18) que finalmente se executou a través da oferta de dous cursos formativos cos que intentamos axudar a paliar esa taxa de abandono e manifestar a nosa iniciativa por reforzar, especialmente entre o alumnado de primeiro curso, as competencias de lectura e escritura de textos complexos. Así, promovéronse os cursos de "Competencias en información na contorna dixital" e o de "Técnicas de perfeccionamento da comprensión textual e expresión escrita" coa fin de achegar ao alumando recursos complementarios que favorecen a súa aprendizaxe e reforzan a adquisición de competencias propias da nosa titulación. Deste xeito, reforzando competencias pretendiamos reducir o abandono. Actualmente, no curso 2018-19, estamos a avaliar a incidencia desta iniciativa nos índices de abandono coa fin de poder mellorar estas propostas e intentar engadir algún outro recurso.

Aínda así, e sen relativizar a importancia deste índice de abandono, entendemos (e así o trataremos no crit. 7 deste Informe) que a devandita taxa, non só pode ser debida á actividade do Centro, tendo en conta ademais que se produce nun breve lapso de tempo e de permanencia do alumnado na Facultade (primeiro curso), canto tamén a factores propios e moi diversos do noso "potencial alumnado". Neste sentido, cómpre reparar que en moitos casos, o Grao de Filosofía non é a primeira opción do futuro alumnado (IN10G-PC-05, aínda que interanualmente a tendencia é alcista), o que supón a presenza no primeiro curso dun índice relativamente alto de expedientes académicos medios que oscila próximo a seis puntos, (IN07G-PC-05). Tamén debemos ter en conta que a taxa de abandono non informa acerca da súa etioloxía, acerca das porcentaxes de cantos abandonos veñen motivados (i) por un simple cambio de titulación (que podería de facto ser unha opción anterior na prioridade do alumno/a á opción de Filosofía), (ii) por un aprazamento da opción de Grao en Filosofía

ao que o estudante volve anos despois na busca dun segundo título complementario (tal e como se induce na AM7. Plan de Melloras do Grao 2017-18 de reforzar a Titulación de Filosofía como especialidade transversal), ou incluso (iii) por unha renuncia total e definitiva aos estudos universitarios. Entendemos que as liñas de actuación do Centro terían que ser distintas para cada unha destas causas de abandono. Con todo, cómpre tamén recordar que, incluso segundo se ten reparado na Conferencia de Decanos (13/02/2019), a alta "taxa de abandono" nas titulacións de Filosofía (media do 30%) é unha constante compartida en todo o sistema universitario español.

2.- Entendemos que cabe recorrido de mellora na "taxa de rendemento" (IN34G-S01-PM-01) que no curso 2017-18 é do 65,55%, aínda que oscila na media 2012-2017 do 66%. Nesta taxa inflúe moi negativamente a referida taxa de abandono de primeiro curso, xa que a taxa de rendemento de primeiro curso é de 55,53%, considerablemente menor ás taxas de rendemento do resto de cursos situados nunha media de 73,67%. Aínda con todo e tentando corrixir o desvío motivado polo primeiro curso, cabe incorporar medidas que reduzan os "non presentados" nos procesos de avaliación.

3.- Consideramos que pode ser obxecto de iniciativas de mellora a "taxa de graduación" (IN37G-S01-PM-01) que reflicte no curso 2017-18 un 42,86%. Cómpre subliñar que, aínda que mellorable, se atopa moi por encima que en anos anteriores, marcando unha clara tendencia alcista, xa que vai do 14,71% do curso 2015-16 cara o 25% do curso 2016-17 ata case duplicarse co 42,86% do curso 2017-18. A pesar dun crecemento que roza os 18 puntos, cabe ter presente que esta "taxa de graduación" debe tender a mellorarse, tentando reducir a correspondente "duración media dos estudios" (IN38G-S01-PM-01) que no curso 2017-18 é de 5,61 anos, sensiblemente maior aos catro anos que contempla a Memoria de Verificación do Título (MVT) para cursar os créditos correspondentes ao Plan de estudos. Con todo, tamén é certo que esa taxa, observada na media do último quinquenio, aínda que excede dos catro anos non chega a determinar a necesidade dun quinto ano para acadar a graduación. Nos atopamos moi próximos a "taxa media de duración de estudos de graos da USC" situada en 4,98 anos. Conscientes da conveniencia de aumentar a "taxa de graduación" e á vez reducir a "taxa de duración media de estudos" formulamos a AM6 (Plan de melloras do Grao Filosofía 2017-18) pola que se constata "un retraso para a presentación dos TFG que debería ter lugar, con carácter xeral, durante o cuarto ano de estudios cursados", tentando por medio de enquisas "recoller información sobre este grao de dilación que se produce". Nesta mesma liña de actuación, e seguindo a información destas iniciativas relativas a mellorar os tempos do TFG, procédese neste curso 2018-19 coa AM-05 Plan de Melloras do Grao Filosofía 2018-19) á articulación de novos prazos para a elección das liñas temáticas dos seus TFG e a insistir no recordatorio a todos os titores da importancia do cumprimento do "cronograma" fixado para a realización do Traballo, recordando asemade que o seu proxecto non pode superar o encargo lectivo do estudante fixado nesa "materia".

C) No relativo á adecuación dos tamaños dos grupos verbo das actividades formativas consideramos que no noso Centro tende a ser ben equilibrada.

A media de alumnado por grupo de docencia expositiva (IN31G-PS-01) é de 37,40 no curso 2017-18, consolidándose na media dos últimos seis anos que é de 35,97 e situándose (como se segue da nosa taxa de matrícula) por debaixo da media da USC de 59,39. A media de alumnado por grupo de docencia interactiva (IN32G-PS-01) é de 29,49 no curso 2017-18, sen presentar desviación significativa verbo da media 28,17 dos últimos seis anos, pero segue manténdose por enriba da media da USC que é de 22,62. Aínda que se constata que o Centro ten unha tendencia interanual moi regular no tamaño dos grupos, consideramos (tendo en conta a media da USC especialmente en grupos interactivos) que habería espazo para unha posible redución do tamaño de grupos e que esta resultaría importante para favorecer a adquisición de competencias propias e específicas da titulación. Pero, esta medida non depende do Centro, senón que se relaciona coa dotación de máis PDI, como necesidade estrutural que se reflexa no apartado correspondente. De feito e en concreto, entendemos que o terceiro curso de Grao neste ano 2018-19 atópase no límite dunha posible duplicación de grupo interactivo que, sen dúbida, de acometerse faría insuficiente a actual capacidade docente do PDI do Centro.

D) Sobre a cuestión do Plan de mobilidade, indicamos que no curso 2016-17 procedeuse ao nomeamento dun novo Responsable Académico de Mobilidade do Centro (RAM) co propósito de desenvolver a AM5 (Plan de

Melloras de Grao Filosofía 2017-18) consistente na “elaboración dun protocolo para a xestión da mobilidade”, de xeito que se instauren procedementos eficaces e uniformes no impulso e administración deste tema. Este protocolo, no só pretende insistir na importancia da aprendizaxe de idiomas entre os alumnos/as, senón que máis alá diso, conta con ata tres reunións informativas para o alumnado, cada unha atendendo especificamente as cuestións concretas da fase de mobilidade na que se encontran os nosos alumnos/as.

Consideramos que aquel protocolo, no só facilitou, senón que afianzou positivamente a participación do noso alumando nos diferentes programas de mobilidade e así se pode comprobar nos datos referidos ao curso 2017-18: a mobilidade saínte está en claro ascenso xa que pasou do 2,31 (4 estudantes) no curso 2014-2015 a 2,73 (5 estudantes) no curso 2015-2016, seguiu crecendo a 3,33 (6 estudantes) no curso 2016-17 ata o 4,44 (9 estudantes) consignados no curso 2017-18, consolidando así unha positiva tendencia alcista. Pola contra, a mobilidade entrante que sufrira un claro retroceso pasando do 4,37 (14 estudantes) no curso 2015-2016 ao 1,1 (3 estudantes) no curso 2016-2017, ten nembargantes experimentado unha lixeira mellorÍa no curso 2017-18 que presenta un avance do 1,1 do curso 2016-17 cara o 1,49 (3 estudantes) do curso 2017-18. Precisamente, tendo este último dato moi presente, para o curso 2017-18 propúxose unha acción de mellora, AM5 (Plan de Melloras do Grao 2017-18), destinada a incrementar a taxa de mobilidade entre o alumnado, a través, como xa dixemos, da elaboración dun protocolo para xestión da mobilidade na Facultade que fixara e formalizara procedementos eficaces, tanto administrativos como académicos, para impulsala. Este protocolo foi aprobado na Xunta de Facultade celebrada o 19/12/2018 e está sendo implantado no curso 2018-19. Pero ademais, en liña coa AM-05 2017-18 xa citada e afianzando o compromiso do Centro con este tema, se impulsan no curso 2018-19 a AM-04 (Plan de Melloras do Grao de Filosofía 2018-19) neste caso orientada especificamente a identificar e paliar as dificultades máis usuais que ten o alumando na súa “reincorporación ao Centro”, e a AM-06 (Plan de Melloras do Grao de Filosofía 2018-19) destinada a incrementar a mobilidade entrante (sinalada máis arriba), a aumentar a presenza de alumnado estranxeiro, e fomentar así a internacionalización da nosa titulación, promovendo a subscrición de Convenios con Universidades estranxeiras.

En todo caso, cómpre ter moi en conta, como xa sinalábamos no noso propio Informe para a Renovación da Acreditación, a limitación real que supón para a mobilidade a ausencia de financiamento suficiente mediante bolsas, de maneira que poucas familias poden permitirse o seu custe real.

1.3.- O título conta con mecanismos de coordinación docente que permiten analizar se o desenvolvemento do plan de estudos posibilita a adquisición das competencias por parte dos estudantes e, no seu caso, se establecen as accións de mellora oportunas.

Aspectos a valorar:

- A coordinación horizontal e vertical entre as diferentes materias do plan de estudos evita baleiros e duplicidades.
- No caso de que o título se imparta en varios centros da Universidade ou sexa interuniversitario, analizarase o funcionamento dos mecanismos de coordinación entre todos os centros/Universidades que imparten o plan de estudos.
- No caso de que existan prácticas externas, valorarase se os mecanismos de coordinación permiten aos estudantes alcanzar as competencias asociadas a estas prácticas.
- No caso de que o título se imparta en varias modalidades (presencial, a distancia, semipresencial) valorarase a coordinación docente entre as modalidades, co fin de que os estudantes podan alcanzar as mesmas competencias con independencia da modalidade cursada.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O título conta con mecanismos de coordinación que nos permiten facer un seguimento do correcto desenvolvemento do plan de estudos e da adquisición das competencias propias por parte do noso alumnado. No curso 2017-18 o Centro segue a manifestar o seu compromiso con este concepto e mantén vixentes todas as iniciativas adoptadas en anos anteriores. Existe unha Coordinación, tanto vertical como horizontal, no seguimento do plan de estudos, que vai dende os profesores coordinadores de materia (no caso daquelas materias que son impartidas por máis dun único docente), pasando polos catro profesores coordinadores de cada un dos catro cursos do plan de estudos ata o Coordinador de Grao. Todos eles traballan en equipo na procura de localizar aspectos disfuncionais ou espazos de mellora para a nosa Titulación, dentro do "plan de

reforzo de coordinación" do Centro.

Atendendo a este "programa de reforzo da coordinación", promovido pola AM-04 (Plan de Melloras do Grao en Filosofía 2016-17), se procedeu a eses nomeamentos (sinalados no parágrafo anterior) de xeito que se implantara, como protocolo a aplicar no Centro, a obriga de levar a cabo distintas reunións ao longo do curso de cada coordinador de curso, tanto co profesorado como co alumando dese respectivo curso, para analizar as estatísticas da avaliación das materias así como os elementos máis relevantes do desenvolvemento do mesmo. Os informes destas reunións son expostos nas aulas de coordinación do campus virtual. Unha medida específica que se ven levando a cabo con ocasión destas reunións, e atendendo á solicitude do alumnado, é a elaboración dun calendario de actividades para cada semestre de cada curso académico no que se reúnen as datas das diferentes tarefas das diversas materias do curso de tal xeito que se pode facer unha distribución equilibrada do traballo do alumnado, propoñendo alternativas cando se detectan varias coincidencias na mesma data. Polo demais, os informes das diversas reunións, ademais de figurar no campus virtual, son remitidos ao Coordinador de Grao, quen a partir dos informes dos catro cursos emite un informe final, que, reparando naqueles aspectos máis salientables, pode elevarse á valoración por parte da Comisión de Calidade do Centro.

Ademais, seguindo as recomendacións do Informe de Avaliación de Renovación da Acreditación, se incorporou ao "protocolo de coordinación", a través das tarefas propias dos coordinadores de curso e da RAM, o compromiso de reforzar as informacións para o alumnado (de primeiro e segundo curso especialmente) relativas aos programas de mobilidade da Facultade e á correspondente necesidade de aprendizaxe de idiomas, tamén para a obtención do propio Grao.

Noutros sectores "externos", tampouco se desatendeu a fórmula de coordinación, neste caso cos egresados (AM2 Plan de Melloras do Grao de Filosofía 2017-18), cooperando en grupos de discusión (como xa se referiu anteriormente) que permitisen obter maior información sobre os nosos ámbitos de inserción profesional. Cabe tamén valorar, neste eido, o traballo de coordinación que a dirección do Centro levou a cabo coas diversas Institucións políticas e culturais, que se manifestan coa sinatura dos correspondentes "Convenios de prácticas" (AM4 Plan de Melloras de Grao de Filosofía 2017-18), que seguen crecendo e que sen dúbida demandarán novas fórmulas de coordinación con estes novos axentes no desenvolvemento da "Convocatoria de prácticas externas" (AM-03 Plan de Melloras de Grao en Filosofía 2018-19). O noso Centro segue a implementar novas fórmulas de coordinación tamén nestes sectores "externos", como exemplo, para o ano 2019 temos a AM-05 Plan de Melloras da Facultade de Filosofía 2018-19 que procura a constitución dun "Comité de especialistas" en temas filosóficos que coordinen as respostas ás demandas de información que o Centro teña dos medios de comunicación, así como tamén a AM-02 Plan de Melloras de Grao en Filosofía 2018-19, que promove a constitución dun "Comité Consultivo" (formado por profesores universitarios, profesores de ensino secundario e diversos profesionais egresados), que cooperará como fonte de información das demandas profesionais en relación ao noso Grao.

Consideramos especialmente relevante neste compromiso coa Coordinación o esforzo do Centro pola mellora e uniformidade que se ven manifestando nas Guías Docentes dende o curso 2016-17 e que no curso 2017-18 adquiriu maior precisión logrando que todas as Guías Docentes do Centro fixeran referencia expresa á correspondencia da avaliación non só cos contidos, senón tamén coas competencias, e que en todas, ademais (tal e como xa indicamos no apartado anterior), se precisase o modo de avaliación para o alumnado obxecto de dispensa de asistencia.

Tamén, durante o curso 2017-18, o profesorado do Centro directamente implicado na Coordinación (Coordinadores de curso, Coordinador de Grao e a equipa Decanal), manifestando o seu compromiso coa relevancia e necesidade de mellorar e afianzar no Centro este "programa de coordinación" demandou do PFID un curso sobre fórmulas de coordinación horizontal e vertical, que se realizou con éxito xerando o mantemento de "boas prácticas" de cooperación entre profesorado como pode ser o caso de tres materias de primeiro curso segundo semestre que traballan de xeito coordinado algúns contidos, competencias e avaliación (a través dunha experiencia de "cine-forum"). O Centro ten moi presente o valor positivo deste caso e insiste en promover máis experiencias neste eido, que se están tamén a desenvolver no noso título de Máster. Con todo, segue a reforzar a Coordinación con outras áreas de coñecemento afíns para reforzar a proxección da Filosofía como

especialidade transversal e complementaria, levando a cabo fórmulas de cooperación con outras disciplinas promovendo por exemplo a programación do "ciclo de cine" motivado na AM7 Plan de Melloras de Grao de Filosofía 2017-18.

Por último, entendemos que cabe recordar a AM6 (Plan de Melloras de Grao de Filosofía 2017-18) na que tamén se procuraba estender a capacidade de coordinación ao proceso de elaboración e defensa do TFG, -(nesta mesma liña vai tamén a AM-05 do Plan de Melloras do Grao de Filosofía 2018-19 que procura axustar o calendario e cronograma dos TFG)- de xeito que poidamos axustarnos máis a duración dos estudos de Grao estipulada na MVT en catro anos, e en consecuencia tender a mellorar a nosa "taxa de rendemento", (isto é a relación porcentual entre o número total de créditos superados polo estudante e o número total de créditos nos que formalizou matrícula, ref. IN34G-S01-PM-01) que no noso caso é do 67% de media nos últimos cinco anos (no curso 2017-18 é de 65,55%) fronte o 78,46% de media da USC. Con todo, observamos que os mecanismos de coordinación funcionan, aínda que se pode poñer un esforzo de mellora en tratar de paliar o elevado número de "non presentados", xa que verbo da referida "taxa de rendemento" mellora sensiblemente a nosa "taxa de éxito" (isto é, a relación porcentual dos créditos aprobados verbo dos créditos aos que si se presentaron) que no curso 2017-18 é de 84,39%, moi en liña co 87,20% que ten de media a USC.

## 1.4. Os criterios de admisión aplicados permiten que os estudantes admitidos teñan o perfil de ingreso adecuado para iniciar estes estudos.

Aspectos a valorar:

- Coherencia entre o perfil de ingreso establecido na memoria verificada e o perfil real do estudantado matriculado no título.
- No seu caso, os complementos de formación compren a súa función en canto á nivelación e adquisición de competencias e coñecementos por parte dos estudantes que os cursen.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Os criterios e perfil de admisión aplicados son os adecuados para a nosa Titulación e á adquisición das súas competencias específicas.

Respecto da matrícula: consideramos que o número de prazas ofertadas, que é de 65 e que se ven mantendo dende o 2012-13 (IN01G-PC-05) se corresponde moi proporcionalmente coa "taxa de matrícula de acceso" que o título viña experimentando cunha media de 51,4 alumnos durante os últimos cinco anos, pero que se incrementa moi notablemente ata 73 alumnos (IN03G-PC-05) neste curso 2017-18, experimentando un crecemento do 32,73% (IN05G-PC-05) verbo do curso pasado 2016-17. Este crecemento, en consecuencia, eleva a "taxa de ocupación" dende o 84,62% do curso 2016-17 ata un 112,31% no 2017-18 (IN12G-PC-05). Atendendo a esta "taxa de ocupación" e máis ao "número total de matrícula", (que inclúe a todo o alumnado dos catro cursos do Grao), e tendo en conta o crecemento sinalado, arroxa un total de 202 estudantes, marcando unha forte tendencia alcista, que xa non atopamos tan proporcionada no actual encargo docente, xa moi alto, desenvolvido polo noso PDI.

Respecto do perfil de ingreso, a Titulación non esixe unha formación previa específica e aínda que mostra a recomendación da formación propia do perfil humanístico, tamén resulta válido o perfil científico, poñendo novamente de manifesto o carácter interdisciplinar dos nosos estudos. Unha análise dos datos de matrícula permítenos obter certa información sobre as constantes máis salientables do perfil do noso alumnado:

(a) xeograficamente, constatamos que en máis dun 97% o noso estudantado provén de Institutos de Ensino Secundario de Galicia (conforme á media dos últimos cinco anos), sendo o 3% restante a porcentaxe (IN09G-PC-05) que se corresponde co alumnado que en primeiro curso provén do resto de España, concretamente 1,98% no curso 2017-18, (sendo a media 1,51% dos últimos cinco anos, IN08G-PC-05) e coa presenza de estudantes, -especialmente de terceiro e cuarto curso de Grao-, do Programa Erasmus, de Intercambio con Hispanoamérica, con Portugal e mesmo de países Orientais, -Xapón especialmente- (todos eles supoñen o 1,02%). Estes estudantes orientais, curiosamente, nestes últimos, na procura de fomentar coñecementos interculturais, formalizan matrícula en materias como "Filosofías Orientais" e "Filosofía española

e galega".

(b) interdisciplinariamente, constatamos que o perfil de ingreso máis abundante do noso alumnado correspóndese co perfil humanístico, pero resulta destacable a proporción significativa de alumnado procedente do Bacharelato de Ciencias e de Ciencia e Tecnoloxía (aproximadamente un 27% dos matriculados no curso 2017-18), pensamos que en certo modo reflicte o carácter interdisciplinar da nosa Titulación. Tamén constatamos positivamente o interese que logramos captar nos nosos futuros alumnos/as, xa que maioritariamente o alumnado matriculado escolle Filosofía como primeira opción. No curso 2017-18, os preinscritos en primeira opción matriculados por primeira vez, chega a alcanzar un sorprendente 90,77% (IN10G-PC-05), consolidando unha tendencia alcista que se viña experimentando e desviándose moi positivamente da media de 63,38% que presenta o Centro nos últimos cinco anos.

(c) academicamente, e tendo en conta que o principal criterio de acceso á nosa titulación é a superación das Probas de Acceso á Universidade (PAAU), a "nota media de acceso por preinscripción" dos estudantes neste curso 2017-18 é de 8,43 (IN06G-PC-05), aumentando respecto do curso anterior 2016-17 que fora de 7,15, e tamén por encima da media dos últimos cinco anos situada en 7,43. Atendendo a estes datos da CIUG e tendo en conta que a nota máxima de acceso é de 14 puntos, podemos considerar que moitos dos estudantes matriculados teñen medias non moi altas, pero cabe destacar que en torno a un 12% do noso alumando accede con notas altas ou moi altas (10 ou máis puntos sobre 14).

Tendo en conta esta información e procurando a máis rápida e mellor incorporación e integración do alumnado de primeiro curso, o Centro implanta e desenvolve dende o curso 2016-17 e 2017-18 tres Accións específicas, fundamentalmente, para este alumnado de primeiro curso:

A primeira acción é a centrada na oferta dun extenso e variado "programa de titoría" ao que se lles invita acudir e destinado a reforzar información relevante para o funcionamento do primeiro curso e no que pretendemos resolver as dúbidas que nos trasladen. Esta acción se integra no **"Plan xeral de acollida e orientación de estudantes"** e se articula cunha ampla e moi versátil oferta de titorías para os estudantes de primeiro curso, que segundo as informacións e cuestións demandadas, pode elixir entre un diverso tipo de interlocutores, favorecendo asimesmo os mecanismos de presentación e integración no Centro e cos compañeiros de estudos. Deste xeito, para cuestións máis académicas dispoñen de titorías personalizadas cos profesores de primeiro curso, e de titorías co coordinador de primeiro curso, e para cuestións máis propias da titulación ou do funcionamento universitario dispoñen de titorías personalizadas co seu respectivo profesor-titor que lle é asignado, e por último para cuestións más transversais do colectivo do estudantado dispoñen de titorías con alumnos-titores de segundo e terceiro curso, que desenvolven esta tarefa de acordo ao "Programa de Titores" implantado polo Programa A Ponte da USC e no que o noso Centro participa moi activamente, adxudicando esta tarefa no curso 2016-17 e no 2017-18 a seis dos nosos alumnos que optaron por facer o correspondente "Curso do Programa de Titores".

A segunda acción, promovida pola AM3 Plan de Melloras do Grao en Filosofía 2017-18, consiste na oferta de reforzos de competencias para o alumnado que desexe fomentar a técnica de lectura e escritura de textos complexos, a través dos cursos de "Competencias en información na contorna dixital" (impartido por persoal da Biblioteca da USC) e de "Técnicas de perfeccionamento da comprensión textual e da expresión escrita" (de 25 horas de duración).

A terceira Acción a considerar se corresponde coa AM1 (Plan de Melloras de Grao en Filosofía 2017-18) pola que anticipándonos a un posible "escaso coñecemento da Filosofía como opción formativa" entre o noso potencial alumnado, o Centro elaborou material informativo acerca da Filosofía como disciplina e das súas posibles "saídas profesionais" que finalmente difundiu a través da súa páxina web. Nesta mesma liña de traballo, complementando esta AM1 2017-18, o Centro propuxo continuar con aquela "elaboración de material informativo de carácter xeral e tamén divulgativo" neste caso sobre as grandes áreas de coñecemento da Filosofía tal e como se recolle na AM-01 (Plan de Melloras do Grao en Filosofía 2018-19).

Malia a análise aquí presentada e do conxunto de accións encamiñadas a favorecer a integración e permanencia dos nosos estudantes e de promover que estes teñan o perfil de ingreso máis axeitado posible,

cabe mellorar -como xa referimos no primeiro apartado deste informe- nunha corrección á baixa da "taxa de abandono durante o primeiro curso" (IN40G-S01-PM01). Estatisticamente, sube neste curso 2017-18 ao 26,09% en referencia ao 17,95% do curso anterior 2016-17 e retornando aos niveis habituais dos cursos 2012 a 2015. En todo caso, debemos situar esta subida asociada a unha correspondente subida -xa referida- do número de matrícula dun 32% sobre o ano pasado. A española está no 30% de media (segundo informa a Conferencia de Decanos 13/02/2019). Parece lóxico que subindo deste xeito a matrícula tamén se mostre unha subida proporcional na taxa de abandono. Tamén cabe indicar que, aínda producida esta subida, a evolución interanual dende o curso 2012-13 ata o curso 2017-18 segue a manifestar unha afortunada tendencia descendente que esperamos continúe no curso 2018-19. Máis alá desta presentación estatística, cabe considerar o "carácter tentativo" desta titulación en moitos casos (chegando este ano ao 10% e sendo o máis baixo dende o curso 2013-2014) á espera de outras alternativas, que no momento en que se realizan, produce esa "taxa de abandono" elevada durante o primeiro curso, que consecuentemente non debe ser interpretado como expresión de descontento ou de dificultades por parte do alumnado e por tanto como índice de calidade. Esta "provisionalidade" da matrícula que xera taxa de abandono pode constatarse no feito de que se produce xa durante as primeiras semanas do primeiro curso sen que ese alumnado chegue a presentar traballos de avaliación nin mesmo ten chegado a presentarse ás clases. Cabe pois ter en conta estas consideracións sen prexuízo de continuar implantando Accións que tendan a mellorar este aspecto.

## 1.5.- A aplicación das diferentes normativas contribúe á eficiencia nos resultados do título.

Aspectos a valorar:

- A aplicación das distintas normativas (normativa de permanencia, os sistemas de transferencia e recoñecemento de créditos, así como outras relacionadas coa avaliación, traballos fin de grao/máster, prácticas externas, ...) desenvólvense segundo o establecido nelas, tendo en conta as competencias previamente adquiridas polo estudante e as competencias a adquirir no título. Impacto delas nos resultados.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A aplicación das diferentes Normativas xerais da USC contribúen evidentemente a un axeitado desenvolvemento do título. O marco normativo xeral da USC que regula os estudos de Grao está dispoñible na páxina web da Facultade a disposición de consulta de todos os usuarios.

En concreto, consideramos especialmente eficaces algunhas Normativas, como por exemplo:

(i) A Normativa de recoñecemento de créditos favorece a implementación de actividades formativas transversais (algunhas xa descritas).

(ii) A Normativa xeral de avaliación facilitou moito o proceso de elaboración e homoxeneización das Guías Docentes das materias, así como reforza a garantía dos dereitos dos estudantes.

(iii) No curso 2017-18 e tamén no 2018-19 a Normativa xeral que regula o funcionamento das "prácticas externas" resultou de moita utilidade na promoción da firma de Convenios coas Institucións e está a resultar moi operativa neste actual proceso de elaboración de "Convocatoria de prácticas" e da súa inclusión no Plan de estudos.

(iv) Cabe reparar que outro aspecto normativo de consideración no Centro durante os cursos 2016-17 e do 2017-18 foi a modificación do regulamento para a elaboración do TFG do Grao en Filosofía que no curso 2016-17 se levou a cabo para adaptalo ao novo Regulamento de Traballo Fin de Grao da USC. Este novo regulamento introduce unha serie de melloras con respecto ao regulamento de 2014, de xeito que agora precisa os procedementos e fixa un calendario de tramitación do Traballo. Estes cambios de regulamento foron incorporados á Guía Docente do TFG, que tivo que ser obxecto dunha nova redacción e que, en plena vixencia, continúa a aplicarse no curso 2017-18.

(v) Por último, consideramos que a Normativa de permanencia debe de terse en conta como un elemento importante para interpretar a "taxa de abandono (RD 1393/2007)" que aínda que en termos interanuais é bastante alta, neste curso 2017-18 experimenta unha magnífica baixada ao 34,29% (IN41G-S01-PM-01) que o Centro entende como moi positiva xa que se sitúa mesmo por debaixo da previsión contemplada na MVT, e

tendo en conta que no curso 2016-17 era do 50% e iso que viña xa manifestando unha tendencia á baixa tomando a referencia de 64,71% do curso 2015-16 ou de 55% no curso 2014-15. Consideramos que a Normativa de permanencia contribúe na consolidación desta tendencia descendente, moi lonxe dunha posible resistencia situada en torno ao 47% que nos aproximaría novamente a referencias constitutivas de seria preocupación ..

| DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO |
|---|
| CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA:<br>Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira adecuada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garanten a súa calidade.<br>Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e está dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados nel (estudantes, empregadores, administracións educativas e outros grupos de interese). |
| 2.1.- A institución publica, para todos os grupos de interese, información obxectiva, suficiente e actualizada sobre as características do título e sobre os procesos que garanten a súa calidade. |
| Aspectos a valorar:<br>• Publícase información suficiente e relevante sobre as características do programa formativo, o seu desenvolvemento e os resultados alcanzados.<br>• A información sobre o título é obxectiva, está actualizada e é coherente co contido da memoria verificada do título e as súas posteriores modificacións.<br>• Garántese un fácil acceso á información relevante do título a todos os grupos de interese. |

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A Facultade dispón de mecanismos para comunicar de xeito adecuado as características do título a todos os grupos de interese. Neste sentido, mantemos unha periódica tarefa de publicación e actualización da información relativa ao noso Centro e títulos, tanto tamén aos procesos e normativas que os regulan. Feita unha comparativa con algunhas páxinas webs das Facultades de Filosofía doutras Universidades de España, observamos que un altísimo índice de coincidencia na información polo que inducimos que a que nós proporcionamos é cando menos suficiente e relevante para os nosos grupos de interese. Así mesmo, tras repasar o contido da MVT encontramos un forte nivel de coherencia coa información que temos publicada, considerando en consecuencia como valor positivo a súa obxectividade. Por último, o feito de inxerir todo ese volume de información de forma moi intuitiva dentro do deseño da páxina web do Centro reporta unha gran facilidade de acceso para os nosos potenciais destinatarios.

Sen ir máis lonxe, na Avaliación para a Renovación da Acreditación do Grao de Filosofía a información pública dispoñible foi considerada como un dos puntos fortes do Centro. Entendemos que isto foi o resultado lóxico do desenvolvemento durante o curso 2016-17 de accións de mellora que incidiron directamente sobre este criterio referido á "información e transparencia" e que supuxeron unha reestruturación e ampliación moi importante da información publicada. Neste sentido, cabe recordar a **AM1 Plan de Melloras Grao de Filosofía 2017-18**, que ten a súa orixe no "Plan de Viabilidade", que se centrou en difundir a través da páxina web contidos relativos á condición, tanto formativa como profesionalizante, da Filosofía. Esta Acción debe entenderse como un proceso de execución máis dunha política que se viña implantando no Centro. Xa previamente, no curso 2016-17, tal é como se recolle na **AM-06 do Plan de Melloras de Grao** dese ano, se viña traballando na "revisión e actualización da información publicada na páxina web da Facultade e inclusión de novos contidos referidos ao proceso de xestión do título e á aplicación do SGIC". No propio Informe de seguimento de Grao 2016-17 pode atoparse unha exhaustiva listaxe dos "cambios que se fixeron na páxina web da Facultade" durante ese ano "como resultado da execución" desa Acción AM-06 e especialmente detalla aqueles cambios que supoñen unha contribución directa á mellora da comunicación de información dos nosos títulos para os grupos de interese. O desenvolvemento destas iniciativas traduciuse, segundo o indicador do que dispoñemos, nunha alta satisfacción, ao menos dos egresados, coa información pública e na máxima valoración de 5 puntos sobre 5 obtida nese indicador nese curso 2016-17 coa que se consolida a liña ascendente que se viña manifestando desde niveis de 2,40 no curso 2014-15 e de 3,33 no curso 2015-16.

Entendendo como un valor moi positivo esa máxima cualificación obtida, no curso 2017-18 non se procedeu a realizar modificacións substanciais sobre esa estrutura de comunicación, aínda que si se incorporaron periodicamente actualizacións dos seus contidos, ademais dalgunhas melloras:

(i) o apartado de "Reservas de espazos" agora permite unha visualización máis inmediata dos espazos

libres do Centro e axiliza o seu sistema de reserva;

(ii) procedeuse, loxicamente, á correspondente actualización de información (nas diferentes etiquetas da web) que implica o desenvolvemento dun novo curso como por exemplo todo o referido a publicación das novas Guías Docentes, Programas, cambios de liñas, calendarios e tribunais do TFG, a incorporación dos novos "horarios simplificados" ou a incorporación das actas xeradas das últimas Comisións celebradas, entre outras moitas lóxicas e debidas actualizacións;

(iii) procedeuse, no curso 2018-19, á apertura dunha nova "etiqueta" chamada "Boletín Informativo" deseñada para ir incorporando á web os sucesivos números que se veñen publicando do "Acontece en Filosofía. Boletín informativo da Facultade de Filosofía". Esta iniciativa enmárcase na AM-04 Plan de Melloras da Facultade de Filosofía 2018-19 que co propósito, tal e como se dará conta no próximo informe 2018/19, de reforzar a "comunicación interna acerca das actividades do Centro", se procedeu a creación dun Boletín informativo, chamado "Acontece en Filosofía" no que se da conta das novidades que afectan ao Centro, as súas titulacións e os seus grupos de interese. En xaneiro saíu o primeiro número e recomendamos dar un seguimento periódico a esta Acción na que ademais está implicado directamente o alumnado do Centro, a través da súa pertenza ao Comité de Redacción.

(iv) detectouse a necesidade de abrir para o curso 2018-19 un apartado específico para toda a información e procedemento propio das "Prácticas Externas", que se implantarán no Título.

(v) detectouse, (de acordo co plantexamento da AM-03 Plan de Melloras da Facultade de Filosofía 2018-19), a necesidade de adquirir para o Centro, con cargo ao orzamento do curso 2017-18, un *plotter* coa imaxe institucional da USC para a celebración dos actos que así o requiran.

(vi) tamén detectamos a conveniencia, aínda que nada urxente, de abrir unha reflexión (que se levará a cabo durante o curso 2018-19) acerca da conveniencia de "obxectivar na medida do posible" o contido susceptible de ser incorporado no caixón destinado ás "novidades", tendo tamén no Centro para esta función a pantalla de comunicación, que estimamos precisa dunha redución dos prazos de "limpeza" do material caducado. Pódese tamén considerar a posibilidade, nesta época da imaxe, de instalar outra pantalla noutro andar do edificio.

Cómpre estimar que o esforzo do Centro na política de comunicación, ademais de terse manifestado nestas Accións, foi obxecto doutras dúas Accións que consideramos pertinente referir:

1) En desenvolvemento da execución da AM1 Plan de Melloras de Grao de Filosofía 2017-18, procedeuse á incorporación de material informativo sobre o carácter interdisciplinar da Filosofía e as súas "saídas profesionais". Insistindo nesta liña de traballo, como AM-01 do Plan de Melloras de Grao de Filosofía 2018-19), estase a promover a elaboración de material informativo e de carácter divulgativo sobre as diversas áreas de coñecemento da Filosofía, destinado ao noso potencial alumnado.

2) En cumprimento co que se recomendaba no Informe de seguimento 2015-16, procedeuse á introdución, rematada durante o curso 2017-18, dun breve currículo do profesorado, nun formato único e estandarizado. Sendo moi conscientes da importancia da imaxe na comunicación, e constatando modelos noutras Universidades, adoptouse para o curso 2018-19 a través da AM-08 Plan de Melloras de Grao en Filosofía 2018-19, a conveniencia de fomentar a visibilidade do PDI, como un activo da nosa titulación. Para eso, tense proposto a actualización da canle de transmisión do seu currículo, que en lugar de ser un PDF, sexa un espazo web propio de cada PDI que lle permita dispor dun medio de comunicación máis actualizado e con maiores posibilidades. Aínda que esta iniciativa debe primeiro estudar a súa posibilidade orzamentaria e resolver algunhas cuestións de dereitos, que poden condicionar a súa implantación.

Polo demais, en relación á visibilidade e tamén á transparencia do noso Centro, promovéronse durante o 2017-18 numerosas iniciativas en prol das Filosofías de Xénero e doutras cuestións filosóficas de forte calado social. Neste sentido, buscando un xeito de facilitar a visibilidade da relación das nosas accións coa demanda social, o Centro propuxo para o curso 2018-19 a AM-05 Plan de Melloras da Facultade de Filosofía 2018-19

na que se pretende reforzar a comunicación externa do Centro coa sociedade, promovendo a constitución dun "Comité de especialistas en temas filosóficos" que sirva de referencia e interlocución co gabinete de comunicación da USC e os medios de comunicación.

Canto á transparencia, cabe subliñar que todos os procesos que garanten a calidade do título, especialmente Concursos, Reclamacións e Informes derivados do Sistema Interno de Garantía de Calidade (SIGC) son obxecto de publicación nos respectivos apartados da web do noso Centro, na procura de cumprir cos maiores índices de visibilidade.

Tendo en conta todo o referido, consideramos que ten sentido actuar na continuidade da nosa política de comunicación que ofrecen as novas Accións de mellora, pero tendo presente a valoración positiva que o Centro ven mantendo neste indicador cunha media nos últimos cinco anos de 3,49 puntos sobre 5, e sendo a puntuación de 3,53 puntos no curso 2017-18 (IN23G-PC-12).

| DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO |
|---|
| CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE:<br>Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de forma eficaz, a mellora continua da titulación.<br>Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título. |
| 3.1.- O SGC posúe os mecanismos necesarios para recoller a información precisa, analizala, detectar debilidades e propoñer accións de mellora, realizando o seu seguimento. |
| Aspectos a valorar:<br>• Os procedementos que permiten recoller a información de forma continua, analizar os resultados e empregalos para a toma de decisións e a mellora da calidade do título, desenvolvéronse de acordo ao establecido.<br>• No caso dos títulos interuniversitarios ou dos títulos que se imparten en varios centros da Universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes no programa formativo.<br>• Os procedementos de avaliación e mellora da calidade da ensinanza e o profesorado desenvolveuse de acordo ao establecido.<br>• O procedemento de suxestións e reclamacións desenvolveuse de acordo ao establecido. |
| Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:<br><br>En termos xerais, consideramos que o Sistema de Garantía de Calidade resulta eficaz na mellora da Titulación. Consideramos que ao estar adecuadamente implementado no Centro, proporciona mecanismos necesarios de recollida e análise de información, o que nos permite detectar debilidades e poder propoñer as respectivas accións de mellora. Neste sentido, cabe destacar que no Informe Final de Avaliación para a Renovación da Acreditación, a "progresiva mellora na implantación do Sistema de Garantía de Calidade que facilita o seguimento do Título", foi considerado como "un dos principais puntos fortes do centro", valorando moi positivamente un procedemento habitual no Centro que é "a transparencia da propia comisión, evidenciada na publicación na web das actas das reunións de dita comisión".<br><br>Neste Informe que acabamos de citar tamén se apuntaba á necesidade de mellorar algúns procedementos, pero que non son responsabilidade do Centro, senón que son competencia da Área de Calidade da USC, polo que (tal e como se recolle no Informe de seguimento do Grao 2016-17) foi esta a que formulou as correspondentes alegacións e a que articulou Accións de Mellora enmarcadas no Plan Xeral de Melloras da USC do ano 2017-18. Aqueles aspectos que con carácter xeral afectan a todos os títulos, non imputables unicamente ao noso Grao, eran: (i) unha baixa porcentaxe de participación dos estudantes nas enquisas de avaliación docente polo que recomendan deseñar unha acción de mellora que busque aumentalo; (ii) unha baixa participación nas enquisas de satisfacción dos PAS e dos egresados; (iii) a inexistencia de mecanismos que permitisen coñecer a satisfacción dos estudantes respecto aos servizos de orientación, infraestruturas de avaliación, coordinación xeral, etc.<br><br>Aínda que, como xa dixemos, estes elementos non poden ser directa nin exclusivamente imputables ao Centro, entendemos e compartimos que se trata de aspectos útiles e, en consecuencia, na implantación, difusión e aplicación "dunha progresiva cultura de calidade", tomamos unha serie de medidas directamente relacionadas con eses aspectos sinalados, que entendemos están contribuíndo a melloralos. Así, para mellorar esa baixa porcentaxe de participación nas enquisas, sen prexuízo daquelas Accións executadas pola Área de Calidade da USC, o Centro reforzou a comunicación sobre as mesmas de xeito que desde a Secretaría do Centro (curso 2017-18 e curso 2018-19) envíanse correos electrónicos como recordatorio, advertindo aos distintos grupos de interese (estudantes, PDI, egresados e PAS) da apertura e peche dos prazos para cumprimentalas, á vez que se resalta a importancia da súa participación. Ademais, dentro das tarefas dos Coordinadores de curso está que lle insista ao seu alumnado na necesidade de elaborar as enquisas. Dende o Centro consideramos que estas iniciativas, aínda que sinxelas, axudaron a mellorar estes aspectos, xa que pode observarse como sinal un claro aumento dos índices de participación de todos os grupos (tal e como |

especificaremos no apartado 3.3.).

Ademais de contar con datos consistentemente positivos das enquisas de satisfacción dos nosos principais grupos de interese, como mostra da conciencia que ten a comunidade universitaria da Facultade de que aínda poden ser mellorables, queremos sinalar que desde o Centro, con ocasión dos procedementos de calidade e mellora asignados na coordinación por cursos, se fixo unha análise sobre a oportunidade da reformulación dalgunhas preguntas que forman parte, especificamente, do cuestionario da enquisa de satisfacción coa docencia recibida, que entendemos poderían mellorarse ou polo menos acadar unha maior precisión. Neste sentido, articulouse a AM8 Plan de Melloras do Grao de Filosofía 2017-18, na que se propoñía unha revisión do cuestionario na procura de fórmulas que o melloren e aumenten a súa participación. Aínda que os Responsables desta Acción son membros da Área de Calidade da USC, que é quen ten competencias sobre este asunto, podemos constatar que xa se fixo unha primeira reformulación dalgúns enunciados e que o Centro segue en contacto coa Área de Calidade, organismo con competencia neste asunto, para avaliar se procede recomendar a posibilidade de abordar unha segunda reformulación.

Cómpre recordar que no noso protocolo de coordinación por curso, precisamente estas enquisas de satisfacción, (tanto polos datos estatísticos que arroxa como polos enunciados das súas preguntas), son tomadas como unha ferramenta metodolóxica de recollida de información que en liña coa AM3 Plan de Melloras de Grao de Filosofía 2017-18 orientada á análise de causas das taxas de rendemento e avaliación, permite nas distintas reunións de coordinación, tanto con PDI como con alumnado, identificar e tomar en consideración elementos disfuncionais e mellorables do noso título.

Polo demais, e como manifestación do compromiso do Centro cos sistemas de mellora, temos formulado a proposta de creación, para o curso 2018-19, (AM-02 Plan de Melloras do Grao 2018-19) dun "Comité Consultivo de expertos" (conformado por sectores moi diversos como profesorado universitario, profesorado de ensino medio, PAS, egresados, profesionais, etc.) como outra fonte de información moi valiosa para o Centro relativa ás demandas, necesidades e melloras, tanto sociais como profesionais e mesmo académicas, que afecten e continúen a mellorar o noso Grao.

En conclusión, entendemos que o noso "programa de coordinación", arbitrado no Sistema Interno de Garantía de Calidade, funciona correctamente e se constata como procedemento que nos permite non só detectar problemas senón tamén recoller suxestións de mellora, a través das distintas Comisións específicas. Tamén, para reforzar as garantías de calidade e transparencia, se recorda ao alumnado que, ademais desta fórmula, ten a súa dispoñibilidade a normativa específica da USC.

### 3.2.- A implantación do SGC facilita o seguimento dos títulos, a renovación da acreditación e garante a mellora continua permitindo a introdución de modificacións no título.

Aspectos a valorar:

- As accións de análise e revisión levadas a cabo desde o SGC permiten introducir modificacións para a mellora no título.
- O seguimento das melloras do título confirma que estas foron eficaces e que se conseguiron os obxectivos formulados.
- Os plans de mellora recollen as recomendacións dos diferentes informes derivados do proceso de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Consideramos que a implantación do Sistema de Garantía de Calidade facilita e garante unha paulatina mellora da nosa titulación, atendendo ás recomendacións que se nos fan nos diferentes informes de seguimento, verificación e renovación. Consideramos que un síntoma de eficacia na aplicación do SGIC no Centro é o recoñecemento que se nos fai na Avaliación para a Renovación da Acreditación sobre "a mellora na implantación do SGC", especialmente sobre "a transparencia da comisión" e a positiva valoración acadada: "se han aportado abundantes evidencias e indicadores del desarrollo del título y se ha hecho un esfuerzo de reflexión en el autoinforme presentado. El centro es consciente de sus áreas de mejora y hay mecanismos activados para ir solucionando los problemas detectados. Se han realizado esfuerzos notables para atender las recomendaciones recibidas en los distintos informes de seguimiento y de viabilidad del título". Precisamente,

con ocasión do Plan de Viabilidade do título, iniciado no curso 2015-16, promoveuse durante o curso 2016-17 unha serie de Accións de Mellora que podemos correlacionar cun incremento moi significativo (xa referido) da matrícula no curso 2017-18, pasando de 55 a 73 alumnos/as. Ao dar por acadados os obxectivos, a Xunta de Galicia deixou en suspenso o devandito Plan de Viabilidade.

Con todo, o Centro continuou co seu Plan de Melloras propias do curso 2017-18, (referidas nos seus respectivos apartados ao longo deste Informe), co propósito de reforzar os procedementos adquiridos e de identificar novas necesidades. Entre esas Accións de Mellora cabe salientar a AM2 (Plan de Melloras do Grao de Filosofía 2017-18) que promove a creación de grupos de discusión cos egresados e que se transforma para o seguinte curso na creación dun "Comité Consultivo de expertos" que, conformado por profesorado universitario e de ensino secundario, egresados e profesionais de diversos sectores, nos permita identificar novas necesidades e reporte unha maior presenza e participación deses diferentes grupos de interese no SGIC do Centro.

Dun xeito moi satisfactorio queremos salientar que as accións levadas a cabo desde o SGC, (atendendo á recomendación do Informe de Renovación da Acreditación da oportunidade de abrir novos espazos profesionais para os nosos titulados), nos permitiu introducir unha modificación explícita e moi relevante para a mellora da titulación, como é a implementación no Plan de estudios das "Prácticas Externas", proxecto iniciado na AM4 Plan de Melloras do Grao de Filosofía 2017-18 a través da "articulación de convenios con distintas institucións" e continuando a súa execución no curso 2018-19 coa elaboración da Convocatoria específica que regula a súa implantación (AM-03 Plan de Melloras do Grao en Filosofía 2018-19) e que foi aprobada pola Comisión de calidade o 1 de marzo de 2019, o que tras a preceptiva aprobación en Xunta de Facultade, permitirá que o noso estudantado poida desempeñar este "módulo de prácticas" xa neste segundo semestre.

A aplicación do proceso do SGIC, tamén nos permitiu detectar un espazo de mellora, non só directamente do Título, senón tamén do Centro que reporta beneficios no Grao. Así, detectada "unha excesiva concentración do gasto das partidas do Centro no tramo final do exercicio" do curso 2017-18 correspondente ao orzamento deste último ano natural (2018), incorporamos, para o curso 2018-19 (AM-06 Plan de Melloras do Centro 2018-19), unha "planificación do presuposto da Facultade" adoptando un programa de gasto máis sostido por cada semestre. Esta planificación nos permite, entre outras cousas, incorporar un novo concepto orzamentario destinado a prestar apoio ao PDI nas organizacións de Congresos e Reunións científicas, (tal e como reflexamos na AM-07. Plan de Melloras do Centro 2018-19), que entendemos reportará nunha maior visibilidade do noso Grao e nun incremento de posibles actividades extracurriculares para ao noso alumnado co correspondente incremento de calidade para o Título, tanto de Grao como de Máster, tamén participado nesta Acción.

3.3.- O SGC implantado revísase periodicamente para analizar a súa adecuación e, se procede, establécense as melloras oportunas.

Aspectos a valorar:

- A análise e revisión do SGC, no que participan todos os grupos de interese, deriva en plans de mellora (responsables, calendario de execución, etc.).
- Todos os grupos de interese foron implicados no proceso de elaboración, implantación e seguimento das melloras do SGC.
- As evidencias do SGC manifestan a existencia dunha cultura de calidade consolidada no centro que contribúe á mellora continua.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A xestión do SGIC ven sendo obxecto, desde o curso 2015-16, dunha constante atención polo órgano de Dirección do Centro e das correspondentes Comisións, conscientes de que se trata dunha ferramenta fundamental para a permanente mellora das nosas Titulacións. Durante este último trienio, véñense adoptando unha serie de medidas que buscan reforzar a capacidade de control da calidade dos procesos que integran o propio SGIC: a atribución desa dedicación ao Vicedecanato da Facultade, (susceptible entendemos que pode ser obxecto de asignación de máis medios dado o altísimo volume de dedicación que require), a unificación das

Comisións de Grao e Calidade, buscando unha liña de acción máis coordinada e unificada entre todos os grupos de interese representados, así como o nomeamento e a gran tarefa do Coordinador de Grao, son probablemente as tres medidas xerais máis destacadas como xeradores de melloras implantadas no curso 2016-17, que sentaron procedementos habituais seguidos no curso 2017-18.

Esta estrutura de xestión do SGIC constituíu unha mellora do proceso de Planificación que vertebra o desenvolvemento das accións concretas. Así, dacordo coas recomendacións recibidas pola Área de Calidade da USC e dos propios Informes de seguimento, incorporáronse melloras nos distintos procesos de control das nosas Titulacións:

1. A planificación das ensinanzas mellorou a súa coordinación logo (i) da unificación dos dous Departamentos que tiña o Centro e dos que dependía a docencia de Grao, (ii) da incorporación do Director de Departamento á Comisión de Calidade, (iii) da homoxeneización e maior precisión das Guías Docentes (especialmente no apartado da avaliación de competencias)

2. O desenvolvemento da calidade e atención docente viuse mellorada, entre outras cousas pola aplicación do "Programa de acollida" (que dinamizou a acción titorial nas diversas formas contempladas) e polo reforzo da Coordinación por cursos que achegou repercusións positivas sobre a calidade docente, obtendo de todo elo resultados positivos tal e como reflexan as "taxas de rendemento" do título (xa referidas) e o constante aumento de matrícula (tamén xa detallado) durante o último trienio, cun moi considerable incremento neste 2017-18 do 32% sobre o 2016-17, xa entón en liña crecente, conseguindo como froito da boa aplicación dos procesos de calidade a suspensión do Plan de Viabilidade por parte da Xunta de Galicia.

3.- No que respecta aos órganos de apoio á actividade docente, logrouse a incorporación con carácter estable da figura de Responsable de Unidade de Centro, o que reportou unha clara mellora na "publicidade" da documentación, procedendo á incorporación de boa parte da documentación relativa aos procesos do SGIC á páxina web, así como unha mellora na nosa información pública a través da actualización da páxina web.

4.- En canto ao proceso de medición, análise e mellora, constatamos no curso 2017-18 un notable incremento da participación de todos os grupos de interese nas enquisas de satisfacción, debido con moita probabilidade á mellora e reforzo da información que se difunde sobre a súa importancia. Entendemos que un axeitado funcionamento dos sistemas de calidade reportan nunha mellora da satisfacción, que constatamos nas estatísticas, dos distintos grupos implicados:

a) Respecto ao grupo dos egresados, o "Grao de satisfacción xeral dos egresados coa titulación" (IN42G-S01-PM-01) manifesta interanualmente unha liña ascendente arroxando unha media de 3,23 (sobre 5 puntos) nos últimos cinco cursos, sendo de 2,94 no curso 2017-18, aínda que temos experimentado no curso 2016-17 un 4,55, valor que está moi por encima do resto do quinquenio.

b) Respecto ao grupo de PDI, o "Grao de satisfacción do profesorado coa docencia impartida" (IN47G-S01-PM-01) atópase en datos moi positivos, sendo no curso 2017-18 de 4,00 (sobre 5 puntos), e consolidando neses datos óptimos unha tendencia plana sobre a media de 3,90 puntos.

c) Respecto ao grupo de estudantes, cabe reparar que na "Taxa de resposta na enquisa de satisfacción coa docencia recibida" (IN48G-PM-02), continuamos a experimentar unha evidente subida, sen dúbida tamén debida as iniciativas de mellora (xa sinaladas neste apartado) que neste capítulo fixo o Centro. No curso 2017-18 a taxa é de 43,65%, crecendo dende o 42,16% do curso 2016-17. Certamente, poden seguir a ser taxas mellorables, pero convén reparar que dende o curso 2016-17 estamos en taxas do 40, fronte aos cursos 2014-15 e 2015-16 que os resultados eran de 31,82 e 33,33 respectivamente e que nos cursos 2012-13 e 2013-14 estaban por debaixo do 30%. Aínda que mellorables, resulta evidente a tendencia alcista e o actual 43,65% se sitúa por encima da media do último quinquenio de 35,91%. Ademais, esta taxa de participación do alumnado nas enquisas debe de entenderse en liña coa "taxa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida" (IN46G-PM-02) que entendemos bastante positiva tanto a un nivel cuantitativo xa que é de 3,71 (sobre 5 puntos) no curso 2017-18 como a un nivel estatístico xa que presenta unha gran estabilidade, unha tendencia plana, neses valores durante o último sexenio (media de 3,60), do que inferimos que a actividade docente resulta satisfactoria

| |
|---|
| de forma estable. |

## DIMENSIÓN 2. RECURSOS

### CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS:

Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e adecuado de acordo coas características do título e o número de estudantes.

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

### 4.1.- Persoal académico. O título conta con profesorado suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos, as modalidades de impartición e as competencias que deben alcanzar os estudantes.

Aspectos a valorar:

- O profesorado que participa no título conta co nivel de cualificación (experiencia docente e investigadora) esixido para a súa impartición e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada. Revisarase especialmente o perfil do persoal académico asignado ao primeiro curso de títulos de grado, a prácticas externas e asociado ao Traballo Fin de Grao ou Traballo Fin de Máster.
- O profesorado é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todos os estudantes.
- A institución ofrece oportunidades ao profesorado para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a actividade docente.
- Participación do profesorado en programas de mobilidade.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora da cualificación docente e investigadora do profesorado.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Desde o curso 2008-09 e ata o curso 2016-17 constatábase unha redución progresiva do plantel de profesorado do Centro como resultado de 9 xubilacións ao longo deses anos. No curso 2016-17 comezaron a introducirse algunhas medidas orientadas á reposición dalgunhas desas prazas. Moi conscientes deste problema, no Autoinforme de Seguimento para a Renovación da Acreditación dábamos conta explícita desa situación, que afectaba negativamente a todo o Centro e, de forma moi especial, ás áreas de Filosofía e Antropoloxía Social. Nese Informe constatabamos que, se ben a capacidade docente daquel plantel de PDI permite asegurar a impartición do Título, as referidas xubilacións de profesorado cualificado, sen unha reposición de prazas axeitadas que garantan o recambio xeracional, supón unha perda de especialización que obriga ao PDI a realizar un gran esforzo para asegurar a calidade docente.

Pola súa parte, o Informe da Avaliación resaltaba entre os puntos fortes que “el grado está sostenido por profesorado cualificado”, pero na mesma liña que viñamos notificando, constataba a “excesiva carga docente” incluíndo entre os “aspectos de obligado cumplimiento (…) el refuerzo de la plantilla con profesorado adecuado, dado que la situación está afectando a la calidad de la docencia impartida”. No entanto, destacaba que “se observa la implicación por parte del profesorado con la implantación de actividades extracurriculares, como los grupos de lectura, muy apreciados en el proceso de aprendizaje, así como las Jornadas de Filosofía” (en referencia á celebración do Día da Filosofía convocado pola UNESCO).

Recollendo esta disposición, e desde logo evidenciando que as competencias en materia de convocatoria de prazas son da correspondente Vicerreitoría e non exclusivamente imputables ao Centro, a Facultade logrou, dende o curso 2016-17 e especialmente no curso 2017-18, comezar a revertir a devandita situación, obtendo algunha incorporación de novo PDI. A situación das catro áreas de coñecemento sería a seguinte:

- A área de Antropoloxía Social contou cunha praza de Profesora Asociada P6 (180 h.) desde decembro de 2016, que desenvolveu parte da súa docencia no Grao en Filosofía. Ao rematar o curso, con data

01/09/2018, xubilouse un profesor titular desta Área, afectando á docencia do seguinte curso 2018-19.

- A área de Filosofía no campus de Santiago de Compostela, en xaneiro de 2018 perdeu un Profesor Interino de Vacante a TC, con docencia no Grao en Filosofía, xa que obtivo unha praza de Profesor Contratado Doutor para impartir docencia no campus de Lugo da USC. A resultas desa mellora laboral, a devandita área conseguiu para o campus de Santiago de Compostela, a través da mobilidade intercampus, unha Profesora Titular de Universidade, con docencia no Grao en Filosofía.

- Na área de Filosofía Moral para o campus de Santiago de Compostela, e para a docencia no Grao en Filosofía, un Profesor Interino de Vacante obtivo unha praza de Profesor Contratado Doutor en xaneiro de 2018.

- Na área de Lóxica e Filosofía da Ciencia, ao final de curso 2017-18, con data 01/07/2018, deuse unha nova xubilación dun Catedrático, debendo ser atendidos os encargos docentes desa área no Grao en Filosofía (e no Máster en Filosofía: Coñecemento e Cidadanía), desde entón, polo resto do seu profesorado. Esta área de Lóxica e Filosofía Moral contou durante os cursos 2015-17 cun investigador Juan de la Cierva, que colaborou durante dous cursos na docencia asignada a dita área, consonte ao establecido no seu contrato. Asemade, esa área contou cunha investigadora contratada FPU que ven colaborando desde o curso 2016-17 na docencia da área baixo a supervisión de outros docentes, consonte ao permitido polo seu contrato.

En conclusión, no curso 2017-18, o número de membros do PDI do Departamento de Filosofía e Antropoloxía con docencia no Grado en Filosofía era: 3 Catedráticos de Universidade (a TC), 11 Titulares de Universidade (a TC), 2 Contratados Doutores (a TC), 2 Interinos por Vacante (a TC), 1 Profesor Asociado de Universidade P6 (para un máximo de 180 h. de docencia). Estatisticamente, no curso 2017-18, podemos valorar como positivo este cambio de tendencia, que manifesta un inicial crecemento verbo da situación anterior.

(i) a porcentaxe de persoal docente e investigador (PDI) con sexenios sobre PDI total (IN24G-PS-01) é do 80,00% (lixeiramente inferior á media da USC situada no 81,80%).

(ii) a porcentaxe de PDI doutor sobre o PDI total (IN25G-PS-01) é do 95% (superando a media da USC situada no 83,27%) o que representa unha subida respecto ao curso anterior debida á defensa da tese dun membro do PDI do noso Centro.

(iii) a porcentaxe de PDI funcionario sobre o PDI total (IN26G-PS-01) é do 70,00%, superior á media da USC (59,83%). Tamén é un dato sintomático de que a media de idade da plantilla de docentes pode considerarse algo elevada.

(iv) a progresión dos porcentaxes de participación do profesorado nas Enquisas de Satisfacción coa Docencia impartida (INF, 14) desde o curso 2013-14 ata o 2017-18 foi: 8,00%/ 37,5%/ 59,09%/ 65,22% e 59,09% neste último curso. Destacamos o aumento considerable que experimentou ao longo dos cursos, que atribuímos á progresiva implantación da cultura de calidade no Centro e o compromiso do profesorado coa mesma.

(v) Polo que se refire á satisfacción do profesorado coa docencia impartida, a cifra no curso 2013/14 era do 4,16%, oscilando desde entón sempre en torno ao 4,00%, e situándose concretamente no curso 2017/18 nese 4,00%. Consideramos que non acada porcentaxes máis altas debido á sobrecarga de traballo do PDI.

(vi) O índice de participación do PDI, con docencia no Grao en Filosofía, nas actividades formativas desenvolvidas polo PFID, no curso 2017/18, é do 40,91%, que xunto co desenvolvemento doutras actividades extracurriculares non computadas neste dato nos permite considerar que dispoñemos de docentes implicados na súa actividade e na calidade do Centro.

**4.2.- Persoal de apoio (persoal de administración e servizos, técnicos de apoio á docencia, etc.). O título conta con persoal de apoio suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos.**

Aspectos a valorar:

- O persoal de apoio é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todo o persoal docente e estudantes.
- O persoal de apoio que participa no título conta co nivel de cualificación exixido e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora do persoal de apoio.
- A institución ofrece oportunidades ao persoal de apoio para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a súa labor de apoio ao proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O Informe de Avaliación para a Renovación da Acreditación (curso 2015-16) valoraba entre os principais puntos fortes do Centro que o PAS é "*adecuado a las características y al número de titulaciones*". En consecuencia, dada a valoración positiva, durante o curso 2016-17 e 2017-18 non se produciron nin se motivaron cambios na plantilla de PAS do Centro dado que tampouco se aumentou o número de titulacións que se imparten no mesmo. Consideramos, de acordo coa valoración obtida no devandito Informe, que certamente as dimensións físicas e o número de títulos da Facultade de Filosofía resulta axeitado ao número e composición de persoas que a integran. Ademais, debemos subliñar que se trata dunha plantilla cualificada e eficiente con ampla experiencia na xestión de titulación, que contribúe notablemente á calidade dos servizos que dende o Centro se aseguran en relación co Grado de Filosofía, tanto para PDI, como para estudantes e mesmo persoas interesadas na oferta de actividades que se organizan en relación con ese título.

| Unidad | Puesto | 2008 | 2009 | 2010 | 2011 | 2012 | 2013 | 2014 | 2015 | 2016 | 2017 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Unidade Apoio Xestión Centro e Dptos. | Responsable de Unidade(*) | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 |
| Asuntos económicos | Responsable Asuntos Ec. (compartido con Fac. de Xeografía e Hª) | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 |
| Sª Adtiva. Decanato | Secretario Administrativo | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 0 | 1 | 0 | 1 | 1 |
| Sª Adtiva. Dpto. | Responsable Administrativo. Dpto.( | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 1 | 1 | 1 | 1 |
| Conserxería | Conserxe (compartido con Fac. de Xeografía e Hª) | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 |
| Conserxería | Auxiliar Téc. Informático | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 |
| Conserxería | Oficial de Servizos(**) | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 |
| Biblioteca | Dirección Biblioteca (compartida con Fac. de Xeografía e Hª) | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 |
| Biblioteca | Axudante de biblioteca | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 |
| Biblioteca | Auxiliar Arquivo, Biblioteca e Museo | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 |

Dende o Centro temos que destacar e valorar moi positivamente a mostra de interese do Persoal de Administración e Servizos (PAS) pola mellora da súa formación. Proba disto é que a participación do PAS do Centro en plans de formación organizados pola Universidade incrementouse porcentualmente dende o 36,40% (curso 2012-13), pasando polo 45,5% (curso 2015-16) ata o notable rexistro do 80% neste curso 2017-18, o que supón un incremento do 43,6% en tan só catro anos. Ademais, a esta formación hai que engadir a recibida a través da Escola Galega de Administración Pública (EGAP) que, mediante convenio, ofrece cursos ao PAS

da USC, nos que o persoal que xestiona o Decanato da Facultade participou, como proba do seu interese e compromiso coa calidade, con cerca de 300 horas de formación.

Tamén debe considerarse positivamente a subida no "índice de satisfacción coas actividades de formación organizadas pola USC", que mide se a formación recibida para o desempeño do traballo é axeitada: ascendemos dende un baixo 1 (sobre 5) no ano 2015-16 no que se realizou a renovación da acreditación, cara un 2,75 no 2016-17 ata o 3 no curso 2017/18. Aínda que mellorable, a subida experimentada do aproximadamente 30% en tres anos resulta positiva. Non entanto, en relación con este aspecto é preciso aclarar que, aínda que existe marxe de mellora, esta non pode ser totalmente canalizada dende o Centro, xa que a oferta de formación non depende directamente da Facultade, senón que se organiza de xeito xeral para toda a Universidade. O Centro mostra iniciativa para realizar suxestións de formación, e de feito véñense realizando todos os anos, pero é o Servizo de Planificación de PAS o que finalmente decide e publica a oferta de cursos, que polo demais consideramos non sempre se axusta exactamente as necesidades formativas do noso persoal de apoio.

Por último, cómpre destacar como un índice do compromiso do PAS coa xestión do SGIC do Centro, a participación do mesmo na enquisa de satisfacción do curso 2017-18, que acada a cifra do 71,4%, moi por encima da media global da USC. De feito, nos distintos apartados desglosados da mesma, relativos ao posto e condicións de traballo, comunicación, implicación coa mellora, traballo en equipo, espazos e recursos, etc., as porcentaxes de satisfacción son boas e superiores a media da USC.

DIMENSIÓN 2. RECURSOS

CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS:

Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os adecuados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados e competencias a adquirir.

Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición dos estudantes son os adecuados ás necesidades do título.

5.1.- Os recursos materiais, infraestruturas e servizos postos a disposición dos estudantes e o profesorado son suficientes e adecuados ás características do plan de estudos, ás modalidades de impartición e ás competencias que deben alcanzar os estudantes.

Aspectos a valorar:

- As infraestruturas destinadas ao proceso formativo son as adecuadas en función da natureza e modalidade do título. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de aulas, salas de estudo, aulas de informática e recursos informáticos, laboratorios, salas de reunións, biblioteca, …
- Os recursos materiais, postos a disposición dos estudantes, son os adecuados en función da natureza e modalidade do título e as competencias a adquirir por eles y coinciden coas previsións que se incluíron na memoria de verificación. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de equipamento e material científico, técnico, asistencias e artístico, (dependendo da tipoloxía de ensinanza), …
- Aplicación das normativas de accesibilidade universal e deseño para todos, seguridade, saúde e medio ambiente e coñecemento delas polos axentes implicados.
- Os fondos bibliográficos, recursos documentais,… son suficientes e están actualizados.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á creación, posta en marcha ou utilización de novas infraestruturas ou servizos externos á Universidade.
- Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento,…) e orientación profesional postos a disposición dos estudantes son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os servizos de atención ao estudante (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado,..) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os programas de acollida e apoio ao estudante oriéntano no funcionamento da institución.
- Tendo en conta as diferentes modalidades de impartición do título, analizase e revísase o grao de adecuación, para a consecución das competencias por parte dos estudantes, das infraestruturas tecnolóxicas e servizos tanto no centro responsable do título como, no seu caso, en centros externos (centros de prácticas, empresas, centros asociados, etc.).
- No caso de que o título contemple a realización de prácticas externas, as instalacións onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

En termos xerais, entendemos que o Centro responde cos recursos materias, infraestruturas e servizos necesarios e axeitados para o desenvolvemento do noso Plan de estudos, segundo as previsións da Memoria Verificada. Así, no Informe da Avaliación para a Renovación do Grao, sinalouse como un dos puntos fortes do Centro "os recursos materiais, infraestruturas e servizos, destacando os recursos bibliográficos", así como tamén "o apoio e atención que se presta a estudantes con diversidade funcional".

Nesta liña, o Centro ven traballando en melloras salientables no que respecta aos "recursos materiais e servizos" que se poñen a disposición do desenvolvemento do título, tanto para PDI como estudantes:

(i) Se trata dun Centro situado nun gran edificio en pleno casco histórico da cidade e que ocupamos case en exclusiva (catro dos cinco andares), un edificio recente e integramente remodelado e rehabilitado. Neste espazo contamos con espazos para o PAS, para as necesidades do mantemento do propio edificio, e por suposto con espazos para o PDI (despachos individuais e compartidos), xunto con 5 aulas de capacidade media

de 75 persoas cada unha e con 6 seminarios cunha capacidade cada un de 20 persoas para actividades docentes e extracurriculares con grupos máis reducidos e cunha mobilidade de mesas que favorece a participación e cooperación entre os estudantes. Todo o Centro recibiu no curso 2016-17 unha mellora da interconectividade WIFI, que no curso 2017-18 foi sometido a un novo control, especialmente no andar principal.

(ii) Tanto as aulas como os seminarios están dotados de medios técnicos como pantallas de proxección, canóns de imaxe, ordenador, monitor, altofalante, taboleiro (mesmo dixital na aula 4; esta aula que é a máis grande do edificio recibiu tamén unha mellora da súa conectividade eléctrica para facilitar no estudantado o uso dos seus ordenadores), e moitos deles, tras un proceso exhaustivo de identificación de inventario e deficiencias, foron recentemente actualizados con ocasión das melloras emprendidas no curso 2017-18 e continuadas no curso 2018-19, que supuxeron unha inversión significativa do final do orzamento do ano 2018 (onde se inclúe tamén o equipamento informático en réxime de préstamo en uso portátil para o PDI). Cómpre precisar que, para o curso 2018-19, tamén se arbitrou unha mellora no reparto de gasto do orzamento do Centro (**AM-06 2018-19**) de xeito que tentaremos planificar o compromiso de gasto de xeito máis regular ao longo do ano en lugar de optar por unha maior concentración do mesmo na parte final do exercicio.

(iii) Contamos tamén, no andar principal, cun Salón de Actos, con capacidade para 160 persoas, dotado de rede, de butacas con táboa, de ordenador, canón de imaxe, macro-pantalla de proxección, atril, micrófono inalámbrico e recentemente ampliamos o número de altofalantes a tres coa correspondente mellora do sistema de audio. Cabe destacar que no curso 2017-18, como consecuencia da Acción de Mellora e do compromiso do Centro cos estudantes con diversidade funcional, instalouse unha rampla de acceso ao estrado.

(iv) O Centro conta tamén cunha Sala de Xuntas, onde se celebran as reunións dos órganos de xestión da Facultade entre outras actividades como as defensas das teses de doutoramento, con capacidade para 24 persoas e evidentemente con disposición de acceso a rede, canón de imaxe, pantalla, monitor, ordenador, e mesmo sistema de videoconferencia que, entre outras cousas, facilita moito a asistencia ás reunións do persoal con docencia noutros campus e como corresponde ao compromiso de mellora asumido polo noso Centro, facilita a redución dos tempos de reunión optimizando os mecanismos de conciliación laboral, nun PDI xa bastante cargado de tarefas de xestión académica.

(v) O edificio conta asimesmo con Local de estudantes, con capacidade para 14 persoas, con conexión á rede, ordenador, e taboleiro e mesas, onde o estudantado exerce as súas reunións.

(vi) Tamén, froito da reconversión dunha xa innecesaria aula de informática, procedeuse a reconversión dese espazo na chamada "Sala Hipatia", destinada a usos múltiples, con mobiliario móbil e capacidade para 38 persoas, dotada tamén con ordenador, taboleiro, canón de imaxe, pantalla e monitor. No curso 2017-18 esta aula ven sendo usada tamén para a defensa dos TFG e cómpre indicar que o Centro segue a manifestar o seu compromiso cos espazos de Igualdade outorgando a este aula o nome dunha distinguida filósofa. Podemos adiantar que para o curso 2018-19 o Centro promoverá o nomeamento do resto dos seminarios actualmente coñecidos por números.

(vii) Con todo, un dos espazos máis destacables e dende logo valorados do Centro é a Biblioteca, polo súa fundamental importancia no apoio á docencia, estudo e investigación. Contamos nela cun persoal moi competente e comprometido coa mellora de calidade. Dispoñemos de 90 postos de estudio (no centro mesmo da cidade) e dunha colección bibliográfica, e acceso aberto, de máis de 41.000 volumes, ademais de 617 títulos de Revistas e preto de medio centenar de revistas electrónicas, especificamente filosóficas. Segundo o indicador EA5 estes números nos sitúan moi por encima en relación con outras titulacións que contan con maior número de alumnado. Ademais, a Biblioteca mantense como un espazo dinámico se temos en conta a súa promoción de cursos de formación en ferramentas bibliográficas, o mantemento da súa propia web e a permanente difusión das súas coleccións.

O Centro, ademais de traballar na mellora destes recursos materiais, ten efectuado tamén melloras en recursos non especificamente materiais:

1.- Activou o "Programa de acollida aos novos estudantes e acción titorial", mediante o (i) "Programa

de alumnos titores" enmarcado no Programa A Ponte co que o noso Centro traballa moi activamente a través do seu Coordinador na Facultade para facilitar a incorporación do alumnado de primeiro curso; e (ii) "as titorías personalizadas" que procede a asignar un docente titor a cada novo estudante do que pode solicitar asesoramento ao longo do seu proceso formativo, reforzando así as vías de comunicación entre alumnado e profesorado.

2.- Activou o "reforzo de coordinación de cursos" (AM.03 2017-18) orientado, como xa explicamos, a detectar e corrixir deficiencias mediante reunións periódicas entre coordinadores, docentes e representantes do alumnado de cada curso.

3.- Activou o reforzo do "plan de comunicación" (AM.01 2017-18) mellorando, como xa explicamos, a transparencia da documentación publicada na web, así como a incorporación á mesma de información sobre a presentación e saídas profesionais do noso Grao.

4.- Activou o reforzo do "plan de mobilidade" para o estudantado (AM.05 2017-18), a través da incorporación dun protocolo que regula os procedementos de xestión do Centro nese asunto.

5.- Activou gasto orzamentario especificamente dedicado a fomentar o desenvolvemento de "actividades transversais" (AM-07. 2017-18) que redunden na visibilidade social do noso Título, como foi o Cine-forum, o Ciclo de cine, as Conferencias periódicas sobre temas de actualidade, o ciclo de Filosofía Xoven, a Olimpíada Filosófica, etc. Para favorecer a "comunicación externa" e "interna" do Centro propoñemos en continuidade a AM4 e AM5 do Plan de Melloras do Centro 2018-19 (xa referidas).

6.- Cumprimento cos requisitos legais de accesibilidade e usos de aseos das persoas con discapacidade física, así como coa normativa que regula o tratamento de recollida e reciclaxe conforme o plan de desenvolvemento sostible da USC.

Cómpre ter presente que este compromiso de mellora non se esgota, como é lóxico, no curso 2017-18, senón que continúa no 2018-19 como unha liña estratéxica de melloras para o Centro, tal e como se comproba no desenvolvemento da AM-01 Plan de Melloras do Centro 2018-19, onde se detalla un exhaustivo e longo inventario de adquisicións de equipo tecnolóxico para o Centro, ou a AM-02 Plan de Melloras do Centro 2018-19 pola que se regula e se executa unha optimización na distribución de espazos do PDI, e especialmente a AM-03 Plan de Melloras do Centro 2018-19 na que facendo explícito o "compromiso do Centro coa sustentabilidade" procédese a identificación de deterioros no mesmo e a súa reparación e optimización, cunha clara conciencia da necesidade de mantemento que precisan as nosas recentes instalacións.

| DIMENSIÓN 3. RESULTADOS | |
|---|---|

**CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE:**

**Estándar: Os resultados de aprendizaxe alcanzados polos titulados son coherentes co perfil de egreso e correspóndense co nivel do MECES da titulación.**

Analizar os resultados de aprendizaxe alcanzados polos estudantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel do MECES do título.

**6.1.- Os estudantes ao finalizar o proceso formativo adquiriron as competencias previstas para o título.**

Aspectos a valorar:

- O desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación contribúen á consecución e valoración dos resultados de aprendizaxe previstos.
- Os resultados de aprendizaxe alcanzados satisfán os obxectivos do programa formativo e adecúanse ao nivel MECES.
- Os resultados de aprendizaxe téñense en conta para a revisión e mellora do plan de estudos.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Neste último curso transcorrido, 2017-18, puidemos comprobar unha vez máis que se están cumprindo tanto os obxectivos manifestados na Memoria de Verificación do Título como as competencias establecidas de acordo co Marco Español de Cualificacións para a Educación Superior (MECES). Neste eido, o Centro desenvolve unha serie de costumes xa implantadas encamiñadas a reforzar a adquisición de competencias e cumprimento de obxectivos por parte do noso alumnado:

(i) O Centro pon especial énfase na participación do alumnado nas sesións interactivas, nas que teñen que expoñer traballos ou comentar textos seleccionados, favorece a adquisición das competencias tanto xerais como específicas.

(ii) Ademais, a diferencia de outros Centros que optan por formas de avaliación máis xerais, nós mantemos a obriga canto o TFG de defendelo publicamente ante un tribunal formado por tres profesores do Centro, o que tamén permite reforzar as habilidades que se supón debe adquirir o noso alumnado, así como avaliar o nivel de adquisición das mesmas.

(iii) O progresivo incremento do uso do Campus Virtual por parte do profesorado está resultando ser un apoio importante para reforzar o traballo persoal do alumnado, por exemplo, mediante a creación de foros de discusión e realización de exercicios en grupo que se está dando en algunhas materias.

(iv) Por outra banda, e como veremos no próximo apartado (véxase Dimensión 3, Criterio 7), puidemos constatar que as reunións de coordinación, nas que os distintos coordinadores reúnense tanto cos representantes dos/ as alumnos/ as como cos docentes de cada curso, contribuíu notablemente a mellorar o rendemento do alumnado e a eficacia dos/as docentes. Todo isto leva a unha adquisición máis eficaz e segura dos obxectivos establecidos no Informe de Grado e polo MECES.

Neste capítulo, entendemos que imos na dirección axeitada, se temos en conta os datos estatísticos que o refiren: (i) a "Taxa de éxito" é alta (IN35G-S01-PM-01, relación porcentual entre o número total de créditos que superaron os/as estudantes e o número total de créditos aos que se presentaron), mostrando unha tendencia ascendente desde o curso 2011-12, que sube significativamente por enriba do 80%, situándose en 86,62% no ano 2016-17. E aínda que descendeu con respecto ao ano pasado, xa que en 2017-18 situouse no 84,39%, tamén é verdade que esta porcentaxe é este ano practicamente igual ou mesmo superior ao dos datos de anos anteriores (véxase a gráfica aquí abaixo). (ii) Tamén se confirma unha tendencia alcista na "Taxa de rendemento" (IN34G-S01-PM-01 a relación entre o número dos créditos superados e o número total de créditos

matriculados), manténdose sempre bastante por encima do 60%. É certo que descendeu con respecto ao curso pasado (dun 69,22% correspondente ao 2016-17 a un 65,55% correspondente ao 2017-18), pero o dato deste ano é superior en relación aos cursos 2015-16 e 2012-13. Na sección seguinte (7.1), podemos ver con máis detalle estes datos. (iii) A "Taxa de avaliación" (relación entre o número de créditos aos que se presentaron os/as alumnos/as e o número total de créditos matriculados) mantense a niveis similares a outros anos (77,67 no curso 2017-18; 76,66% no curso 2015-16; 79,92% no curso 2016-17).

De seguido, presentamos unha gráfica que consideramos importante, xa que reflicte a "taxa de éxito" dende o curso 2012-13. Nesta gráfica obsérvase que a relación entre créditos superados e número total de créditos matriculados sempre quedou por encima do 80%. Ademais, os datos están desagregados por curso, relevándose que a taxa de éxito dos cursos superiores é máis alta que a do primeiro curso, sendo a máis alta a do último curso (4º).

Taxa de éxito (IN35G-S01-PM-01) desde o curso 2012-13:

| | 2012-13 | 2013-14 | 2014-15 | 2015-16 | 2016-17 | 2017-18 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 1º curso | 75,79 | 80,09 | 77,71 | 74,34 | 79,35 | 77,87 |
| 2º curso | 83,19 | 82,05 | 92,08 | 86,82 | 86,53 | 88,80 |
| 3º curso | 87,84 | 90,15 | 89,11 | 91,20 | 93,63 | 87,64 |
| 4º curso | 100,00 | 95,85 | 96,10 | 92,31 | 93,59 | 91,88 |
| Sen asignación a curso | 100,00 | 100,00 | 100,00 | 100,00 | 92,41 | 100,00 |
| Total (%) | 81,94 | 85,81 | 87,99 | 84,60 | 86,62 | 84,39 |




Vendo os resultados de cualificacións por materia pódese observar que todas teñen, salvo algunhas excepcións, ben por ser optativas ben porque revisten especial dificultade, resultados similares e que as notas máis altas adoitan distribuírse en grupos máis reducidos. A proporción de "non presentados" resulta moi variable, indo de porcentaxes de menos do 5% ata porcentaxes especialmente altas, por encima do 40% nalgunhas materias, aspecto que ven sendo motivo de reflexión e de accións de mellora e que o Centro segue a considerar con un marxe de mellora.

No que respecta a como os propios alumnos/as ven a docencia recibida no Centro (que se precisará mellor no seguinte apartado, criterio 7), podemos considerar que o grao de satisfacción do alumnado é

relativamente alto. O dato correspondente a este ano que avaliamos (3,71) é de feito superior a todos os cursos anteriores, exceptuando o do ano pasado, que se situou tan só centésimas por encima (3,73). O alumnado valora especialmente o cumprimento do programa, a axuda recibida nas titorías, a explicación do programa e o sistema de avaliación ao comezo do curso, así como o material docente de apoio. Dentro da valoración do alumnado coa formación recibida, é preciso distinguir entre formación teórica e práctica. O grao de satisfacción coa formación teórica é moi alto e aumentou significativamente ao longo do tempo. Con todo, e segundo o Informe da Enquisa de Satisfacción, o grao de satisfacción coa formación práctica continua a ser moi baixo (1,67 fronte ao 2,74 de media da USC no curso 2017-18). Sendo este un aspecto no que cómpre abrir unha reflexión, o Centro coida que mellorará ostensiblemente xa que unha das razóns principais disto é que ata agora non tiñamos implantado un sistema de "prácticas externas" no noso Centro. Por iso, no marco das Accións de Mellora que xa están en marcha, este ano 2018-19 (AM-03 Plan de Melloras do Grao 2018-19) desenvolvemos unha convocatoria piloto para ofrecer prácticas externas destinada ao noso estudantado en continuación da AM-04 Plan de Mellora do Grao de Filosofía 2017-18), mediante convenios con distintas empresas e Institucións socio-culturais. Estimamos que esta acción pode contribuír a fortalecer o Título así como a empregabilidade dos titulados, como resultado dunha maior conexión co mundo dos negocios e das institucións. É tamén probable que esta Acción de Mellora sirva para aumentar o nivel de aprendizaxe e o grao de satisfacción do noso alumnado en relación coa dimensión práctica e as saídas profesionais da nosa Titulación.

Noutro capítulo de formación do estudantado, é importante resaltar a satisfacción dos estudantes coa adquisición e potenciación da súa capacidade de aprender de forma independente, o seu pensamento crítico, as súas habilidades de comunicación oral e escrita, a súa capacidade de traballar en equipo, a súa capacidade de analizar e de potenciar os seus coñecementos. A auto-percepción acerca da capacidade de transmitir información é moi notable, aínda que baixa un pouco en relación co ano anterior, a media do título manténse moi preto da media da USC en moitos destes aspectos, segundo o Informe da Enquisa de satisfacción dos/das egresados/as de 2017-18.

A continuación, pódense ver os detalles desta evolución na seguinte táboa, onde tamén rexistramos o grao de satisfacción do profesor coa docencia impartida:

| Código | Nome | 12-13 | 13-14 | 14-15 | 15-16 | 16-17 | 17-18 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| IN42G-S01-PM-01 | Grao de satisfacción xeral dos egresados coa titulación | 0,00 | 3,00 | 2,39 | 3,31 | 4,55 | 2,94 |
| IN46G-S01-PM-01 | Satisfacción do alumnado coa docencia | 3,47 | 3,64 | 3,45 | 3,61 | 3,73 | 3,71 |
| IN47G-S01-PM-01 | Satisfacción do profesorado | - | 4,09 | 3,69 | 3,96 | 3,74 | 4,00 |

Aínda que no próximo apartado (criterio 7) estenderémonos máis na valoración destes datos, xa podemos indicar algo ao respecto: pódese apreciar que o grao de satisfacción coa titulación diminuíu considerablemente con respecto ao curso pasado (de 4,55 pasou a 2,94), podendo isto deberse a unha circunstancia puntual e transitoria, xa que o dato correspondente a este curso 2017-18 que avaliamos é bastante similar ao de cursos anteriores,  se exceptuamos o curso 2016-17. O grado de satisfacción coa docencia impartida continua sendo alta e nos parece positivamente significativo que o grao de satisfacción do profesorado coa docencia aumentou con respecto aos tres anteriores cursos.

Por último, os datos sobre a satisfacción do profesorado coa docencia impartida (INF 14) tamén son positivos, tanto en relación ao nivel de participación do alumnado en clase como en referencia ao uso de titorías e actitude de interese, amosando medias que varían entre 3,48 e 4,45. Vendo as medias deste ano e as medias de anos anteriores no Informe da enquisa de satisfacción do profesorado constátase que os datos melloraron, en xeral, con respecto a anos anteriores. De todo isto, séguese que os resultados de aprendizaxe académica están en liña cos obxectivos fixados.

Moi especialmente, tense que tomar en consideración a necesidade de potenciar a formación práctica e a conexión dos estudos do Grao de Filosofía cos problemas máis prácticos e os retos máis inmediatos da nosa sociedade. Neste sentido, e como se sinalaba máis arriba, iniciamos este curso 2018-19 a acción de mellora AM-04 (proposta a longo do curso 2017-18), que supón o establecemento de convenios con institucións e empresas para ofertar prácticas externas ao noso alumnado. Tamén no sentido de mellorar os resultados da titulación vai dirixida a acción de mellora AM-03 (curso 2017-18), que continúa respecto do ano anterior, cando se iniciou. O equipo formado pola responsable de calidade e os coordinadores de curso, así como polo coordinador do título, debe seguir explorando as causas do abandono en sucesivos informes de coordinación e da comisión de calidade (véxanse as taxas de abandono que se indican no seguinte apartado), así como do baixo rendemento e éxito do alumnado nalgunhas materias. Os informes dos coordinadores serán neste punto de gran utilidade e habemos de indicar que, xa nestes momentos, as sucesivas reunións de coordinación están a permitir melloras significativas á hora de detectar problemas puntuais con determinadas materias. A estas dúas accións de mellora hai que engadir unha nova, a AM-06, que se practicou ao final do curso que avaliamos, 2017-18, e que consistiu na realización dunha enquisa piloto sobre o TFG, xa que ata agora non se dispoñían de datos respecto diso. Para ver as conclusións a que nos conducen os datos desta enquisa, véxase criterio 7.2.

DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

CRITERIO 7. INDICADORES DE SATISFACCIÓN E RENDEMENTO:

Estándar: Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos a disposición do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.

Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados se adecúan ás previsións e características do título.

7.1.- Os principais datos e indicadores do título evolucionan favorablemente de acordo coas características do título.

Aspectos a valorar:

- Indicadores de demanda.
- Indicadores de resultados.
- Os indicadores téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Como xa indicabamos no Informe de Seguimento 2016-17, o dato inicial máis importante que cabe constatar é que o número de alumnado vai aumentando considerablemente, mesmo excedendo o límite esixido pola Xunta de Galicia. En concreto, a matrícula de acceso (número de estudantes que se matriculan por primeira vez no primeiro curso do grao) aumentou a 73 fronte aos 55 dos dous cursos anteriores. E o número total de estudantes no Grao superou a de todos os cursos anteriores, cun total de 202. No curso 2017-18 tivemos a máis alta taxa de ocupación dos últimos anos, excedendo o 110%. Este aumento non é só cuantitativo, xa que aumenta tamén a nota media dos alumnos que elixen os estudos de Filosofía e aumenta así mesmo de forma significativa a porcentaxe de estudantes que acceden á titulación con puntuación igual ou superior a seis.

En liña con este datos positivos, pasamos a apuntar algúns indicadores de resultados que consideramos especialmente significativos. A "Taxa de rendemento" (IN34 G- S01- PM-01) no curso 2017-18 foi do 65,55%, manténdose, como se aprecia na gráfica que incluímos aquí debaixo, onde os datos aparecen desagregados por curso, en valores que son moi similares aos de anos anteriores. Como xa fixemos notar, a "Taxa de éxito" foi do 84,39% tamén se mantén nunha porcentaxe similar ao de anos anteriores. Por último, a "Taxa de gradación" (a relación entre os/as estudantes que finalizaron os estudos do Grao no tempo previsto no plan ou nun ano máis e a súa cohorte de ingreso), é a máis alta dos últimos anos, rexistrando un 42,86% (fronte a un 20,25% do curso 2014-15, un 14,71% correspondente ao curso 2015-16 e a un 25% do curso 2016-17). Aínda que aumentou a duración media dos estudos con respecto a outros anos (no curso 2017-18 temos una duración media de 5,61 fronte a o 4,53 do curso 2016-17 e o 4,89 do curso 2015-16) este dato non se diferencia moito da media xeral da USC e de feito, consideramos que isto pode deberse a que moitos estudantes non terminan a tempo o seu TFG, preferindo facelo noutras convocatorias, xa que constatamos unha tendencia á alza neste sentido.

Para ver a relación destas taxas con outros indicadores, véxase esta táboa, onde se fai constar distintas taxas ademais da taxa de rendemento, a eficiencia dos titulados, e a duración media dos estudos:

| | 12-13 | 13-14 | 14-15 | 15-16 | 16-17 | 17-18 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Taxa de rendemento (%) | 63,44 | 68,6 | 66,94 | 64,86 | 69,22 | 65,55 |
| Taxa de éxito (%) | 81,94 | 85,81 | 87,99 | 84,6 | 86,62 | 84,39 |
| Taxa de avaliación (%) | 77,43 | 79,94 | 76,08 | 76,66 | 79,92 | 77,67 |
| Taxa de graduación (%) | - | 21,95 | 20,25 | 14,71 | 25,00 | 42,86 |
| Duración media dos estudos | 4 | 4,33 | 4,69 | 4,89 | 4,53 | 5,61 |
| Eficiencia dos titulados | 95,9 | 93,19 | 91,77 | - | - | - |

Constátase que as taxas de rendemento, éxito e gradación teñen valores similares a través dos anos e son equiparables en xeral ás medias da USC. Como xa faciamos notar no Informe de Seguimento 2016-17, e vendo os indicadores con máis detalle e por materia, constátase que as baixas taxas de rendemento nas

materias adoitan vir relacionadas cunha alta proporción de "non presentados". Por outra banda, constátase que a duración media dos estudos aumenta lixeiramente ano tras ano, sendo a do curso que avaliamos algo superior aos anos anteriores. Como xa indicamos, isto pode deberse á prolongación no tempo da presentación e defensa do TFG por parte dalgúns/as estudantes e tamén ao feito de que o alumnado ten numerosas oportunidades para presentarse ás distintas convocatorias de cada materia. Outro factor a ter en conta é a demora por parte do alumnado en realizar o exame de lingua estranxeira, condición indispensable para a obtención do título. Doutra banda, e como veremos despois ao falar da enquisa de satisfacción do alumnado en relación co TFG, dos 41 TFG que se asignaron a un titor só 25 chegaron a presentarse. Unicamente 19 dos 41 alumnos/as que tiñan un TFG asignado matriculábanse por vez primeira no TFG, mentres que os 22 restantes matriculábanse por segunda ou terceira vez. Resulta motivo de reflexión para mellora que só 25 dos 41visen cumprida a tarefa de presentar e defender o seu TFG. Todo isto pon de manifesto que o TFG é unha materia que, polas súas especiais características, ten esixencias, condicionamentos e pormenores que fan que os alumnos/as non alcancen a presentalo na primeira convocatoria na que se matriculan. A continuación, pode verse unha gráfica que representa a taxa de rendemento por curso desde 2012-13 ata 2017-18.

Taxa de rendemento (IN34G-S01-PM-1):

| | 12-13 | 13-14 | 14-15 | 15-16 | 16-17 | 17-18 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 1º curso | 54,84 | 60,20 | 50,38 | 50,68 | 55,66 | 55,53 |
| 2º curso | 62,00 | 66,25 | 77,92 | 70,00 | 75,06 | 78,96 |
| 3º curso | 79,38 | 73,81 | 71,71 | 77,49 | 85,14 | 67,25 |
| 4º curso | 93,05 | 85,44 | 76,65 | 74,69 | 77,68 | 74,80 |
| Sen asignación a curso | 7,69 | 42,11 | 77,78 | 73,33 | 92,41 | 76,00 |
| Total (%) | 63,44 | 68,60 | 66,94 | 64,86 | 69,22 | 65,55 |




Moi importante é a análise que podemos facer das "Taxas de abandono". Neste punto, hai que indicar especialmente dúas cousas. En primeiro lugar, a taxa de abandono durante o primeiro curso (IN40G-S01-PM-01) estimamos que segue sendo alta, aumentando con respecto aos dous anos anteriores. No curso 2017-18 temos un total do 26,06%, fronte ao 20% de 2015-16 e o 17,95% de 2016-17. O noso Centro recibe bastantes estudantes que non escollen a titulación de Filosofía como primeira opción (aproximadamente o 20%) ou que a escollen por non poder acceder a outras titulacións. Isto podería explicar en parte a alta taxa de abandono, xa que unha gran parte dos nosos alumnos elixe estes estudos sen ter coñecemento das dificultades e esixencias

propias destes estudios. Con todo, a "Taxa de abandono RD 1393/2007" (IN41 a relación porcentual entre os estudantes dunha cohorte de novo ingreso que deberon obter o título no ano académico anterior e que non se matricularon nin nese curso nin no anterior), descendeu notablemente en relación cos anos anteriores, polo menos desde 2013. Entendemos que este é un dato moi positivo, que ben pode deberse ás Accións de Mellora que se foron introducindo.

Taxa de abandono RD 1393/2007 (IN41):

| | 2013-14 | 2014-15 | 2015-16 | 2016-17 | 2017-18 |
|---|---|---|---|---|---|
| Total (%) | 41,46 | 55,70 | 64,71 | 50,00 | 34,29 |




Para rematar, convén mencionar que as Accións de Mellora xa toman en conta toda a situación descrita e están deseñadas para introducir melloras na medida do posible, aínda que mellorar o grao e a calidade da educación dependerá de varios factores e non é previsible que ocorra de súpeto, senón que debe ser o resultado de varios anos de traballo. Neste sentido, as Accións de Mellora como a AM1 Plan de Melloras do Grao de Filosofía 2017-18, deseñada para obter información sobre grupos de interese sobre estudos de filosofía, a acción AM2, deseñada co obxectivo de crear grupos de discusión con titulados, ou a acción AM4, creada co obxectivo de establecer acordos con empresas e institucións, son unha clara manifestación do noso compromiso de recoller a información necesaria para conectar os estudos de Filosofía coas necesidades da nosa sociedade e co reto de capturar unha demanda axeitada capaz de adquirir as competencias esixidas. Nesta tarefa, a información obtida a través da nosa acción de mellora AM-03, destinada a estudar as causas dos dous tipos de abandono, será fundamental. Doutra banda, a acción AM-07 pode contribuír a mellorar a visibilidade dos estudos de filosofía, así como a súa natureza transversal e a súa posible relevancia. A idea, en definitiva, é que, grazas ás accións xa realizadas e ás planificadas, poidamos usar esta información para guiar aspectos como o contido, metodoloxías e adquisición de habilidades, cambios no currículo ou mesmo unha posible modificación do Grao.

Aspectos a valorar:

- Indicadores de satisfacción co persoal académico, persoal de apoio, recursos, prácticas externas, proceso formativo, mobilidade, etc.
- Os indicadores de satisfacción téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Podemos considerar que o grao de satisfacción xeral dos egresados coa titulación é relativamente boa se a consideramos interanualmente no último quinquenio. No curso 2017-18 é de 2,94 de 5, rexistrando unha considerable baixa fronte ao curso anterior no que experimentou unha forte subida (4,55), aínda que aislada, moi apreciable. Creemos que isto pode deberse, como diciamos máis arriba, a unha circunstancia puntual e transitoria. Debido á heteroxeneidade do noso alumnado, pode ser que moitos alumnos non atopen na nosa titulación aquilo que, quizá por descoñecemento, esperaban, ou simplemente que consideren que os contidos das materias son demasiado abstractos ou difíciles. Hai que ter en conta que o noso é un Grao esixente directamente relacionado co pensamento abstracto, a argumentación e a lectura crítica de textos complexos. Como xa se indicou no Informe de Renovación de Acreditación, é obvio que se a formación previa do alumnado que entra por primeira vez nestas competencias non está en liña cos requisitos necesarios para afrontar un título como este, será improbable que esta situación poida cambiar drasticamente nos primeiros cursos. En todo caso, como sinalabamos, o dato correspondente a este curso que avaliamos é, interanualmente, bastante similar ao de cursos anteriores se exceptuamos o curso 2016-17. Un dato moi positivo é que o grado de satisfacción coa docencia continua sendo alta, similar ás medias da USC.

A continuación, podemos ver a gráfica correspondente ao índice de satisfacción do alumnado coa docencia recibida, o cal se mantén sempre bastante por encima do 3 polo menos desde 2012. En concreto, neste curso que avaliamos 2017-18 o total foi de 3,71 puntos, moi similar ao curso anterior e por encima dos datos correspondentes aos cursos precedentes.

Satisfacción do alumnado coa docencia recibida (IN46):

| | 2012-13 | 2013-14 | 2014-15 | 2015-16 | 2016-17 | 2017-18 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Total | 3,47 | 3,64 | 3,45 | 3,61 | 3,73 | 3,71 |




En liña con esto, cómpre mencionar o feito de que a "taxa de participación" (IN48) mantén unha

tendencia á alza, o que responde ao esforzo que os docentes, coordinadores e membros do equipo decanal puxeron en insistirlle ao alumnado na importancia de responder estas enquisas. No curso 2017-18 tivemos a porcentaxe máis alta de taxa de participación dos alumnos en relación coa docencia recibida (43,65).

Hai que valorar tamén moi positivamente que a satisfacción do profesorado coa docencia impartida é bastante boa, de feito superior aos cursos anteriores desde o 2014-15, como pode comprobarse no seguinte gráfico, consolidando unha traxectoria alcista:

Grao de satisfacción do profesorado coa docencia impartida (IN47):

| | 2013-14 | 2014-15 | 2015-16 | 2016-17 | 2017-18 |
|---|---|---|---|---|---|
| Total | 4,09 | 3,69 | 3,96 | 3,74 | 4,00 |




Consideramos tamén un dato positivo o feito de que o grao de satisfacción dos egresados cos servizos segue sendo bastante alto, alcanzando un 3,53, sendo o máis alto dos últimos anos exceptuando o curso anterior (2016-17). Tamén é relativamente alta a satisfacción dos egresados coa información pública dispoñible en comparación con outros cursos, aínda que descende notablemente con respecto ao curso anterior (2016-17). Non hai datos relativos á satisfacción dos estudantes saíntes cos programas de mobilidade.

Para rematar neste capítulo, consideramos importante subliñar o esforzo da AM6 Plan de Melloras do Grao de Filosofía 2017-18, que recuperando o Plan do 2016-17 propuxo a elaboración dunha enquisa de satisfacción do alumnado especificamente co TFG. Esta mellora púxose en marcha para solicitar datos que puidesen arroxar algunha luz sobre como o alumnado percibía o proceso de asignación, titorización e avaliación do Traballo Fin de Grao (TFG), dado que ata agora non tiñamos datos neste sentido. Na enquisa preguntábase acerca de aspectos como os seguintes: (1) se os coñecementos, habilidades e competencias adquiridas noutras materias son suficientes para cursar esta materia de forma axeitada, (2) se a información recibida é suficiente, (3) a mellora da capacidade do alumando de analizar e resumir información e comunicarse, (4) a mellora das

habilidades de lectura noutras linguas, (5) a titorización recibida, (6) o sistema de asignación de títulos-titores/as, e (7) o grao de satisfacción co sistema de avaliación. Aínda que dos/as 25 estudantes que presentaron o TFG en 2017-18 só presentaron a enquisa 10, poden extraerse algúns datos das enquisas entregadas. De primeiras, hai que facer notar que dos 41 traballos que se asignaron a un titor só 25 chegaron a presentarse. Unicamente 19 dos 41 alumnos/as que tiñan un TFG asignado matriculábanse por vez primeira no TFG, mentres que os 22 restantes matriculábanse por segunda ou terceira vez. Por tanto, só 25 dos 41 cumpliron a tarefa de presentar e defender o seu TFG. Non entanto, os 25 que o defenderon conseguiron aprobar o TFG (a maioría con altas cualificacións) e obter así os créditos correspondentes. Moitos estudantes valoraron positivamente as melloras de moitas das habilidades relacionadas co resumo, a análise e a presentación da información, así como a mellora da capacidade de ler noutras linguas. Nembargantes, da comparación das distintas enquisas, pode advertirse un certo descontento co proceso de asignación de titores e co sistema de avaliación, xa que o alumnado entende que o nivel de esixencia desta materia é máis alto que o das outras da titulación. Aínda que en xeral valoran ben o proceso de titorización dos seus titores, máis da metade do alumnado que respondeu ás enquisas entenden pola contra que os coñecementos, habilidades e competencias adquiridos ao longo dos cursos non resultan de todo suficientes para cursar esta materia de forma axeitada.

7.3.- Os valores de inserción laboral dos egresados do título son adecuados ao contexto socio-económico e profesional do título.

Aspectos a valorar:

- Análise dos históricos de resultados existentes nos estudos realizados sobre inserción laboral do título.
- Adecuación da evolución dos indicadores de inserción laboral en función das características do título.
- Os indicadores de inserción laboral téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

No que refire a este apartado, non hai datos relativos á inserción laboral. Neste eido, nin o organismo do Ministerio, o denominado SIIU (Servizo Integrado de Información Universitaria), nin tampouco a ACSUG, facilitaron ningún dato relativo ao curso 2017-18. Polo que, en ausencia de datos, que desde logo non pode ser imputable en modo algún ás competencias do Centro, temos que deixar este punto sen valorar.

| 3. LISTAXE DE EVIDENCIAS E INDICADORES | | | |
|---|---|---|---|
| Criterios | Nº | Evidencia / Indicador | Documento/enlace |
| Todos | E1 | Memoria Vixente do título | ACSUG |
| Todos | E2 | Informes de verificación, modificación, seguimento incluíndo os plans de mellora | ACSUG |
| 1 | E3 | Análise do perfil real de ingreso/egreso | Autoinforme, Criterio 1 |
| 1,6 | E4 | Guías docentes das materias (competencias, actividades formativas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación, resultados de aprendizaxe) | Web do Título |
| 1,3 | E5 | Actas das reunións celebradas, polo menos dos dous últimos cursos, da Comisión Académica/Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade (as actas deben incorporar un apartado con acordos adoptados en cada reunión) | Enlace web ou PDF |
| 1 | E6 | Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos | PDF adxunto |
| 1,6 | E8 | Informes/documentos onde se recollan as conclusións dos procedementos de consulta internos e externos para valorar a relevancia e actualización do perfil de egreso dos estudantes do título/valoración adquisición resultados da aprendizaxe | Autoinforme, Criterios 1 e 6 |
| 1,7 | I1 | Número de estudantes de novo ingreso por curso académico | 2500758_P.Ind_2017-2018<br>2500758_INF.16_2017-2018<br>2500758_INF.CiUG_2017-2018 |
| 1 | I2 | No caso de máster, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia | -- |
| 1 | I3 | Indicadores de mobilidade (Número e porcentaxe de estudantes que participan en programas de mobilidade sobre o total de estudantes matriculados) | 2500758_P.Ind_2017-2018<br>5045_INF.03_2017-2018 |
| 2 | E9 | Páxina web da universidade/centro/título (debe ter como mínimo a información referida “Información mínima pública*”) | Web da USC<br>Web do Centro<br>Web do Título |
| 3 | E10 | Documentación do SGC (política e obxectivos de calidade, manual e procedementos) | Web do Centro |
| 3 | E11 | Evidencias da implantación dos procedimientos do SGC( procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolvan as directrices do SGC:Política de calidade,Deseño revisión periódica e melloras dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, enseñanza e | Web do Centro |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | | avaliación centrados no estudante, Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información Pública) | |
| 3,7 | E12 | Plans de mellora derivados da implantación do SGC | Web do Centro |
| 3,7 | E13 | Análise das enquisas de satisfacción (%participación, resultados, evolución,…) | Autoinforme, Criterios 3 e 7 |
| Todos | I4 | Resultados das enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese do título | 2500758_P.Ind_2017-2018<br>2500758_INF.04_2017-2018<br>5045_INF.05_2017-2018<br>2500758_INF.06_2017-2018<br>2500758_INF.07_2017-2018<br>2500758_INF.08_2017-2018<br>2500758_INF.09_2017-2018<br>5045_INF.10_2017-2018<br>5045_INF.11_2017-2018<br>2500758_INF.13_2017-2018<br>2500758_INF.14_2017-2018<br>5045_INF.21_2017-2018<br>2500758_INF.22_2017-2018<br>2500758_INF.23_2017-2018<br>2500758_Informe_de_indicadores_2017-2018 |
| 3 | I5 | Resultados dos indicadores que integran o SGC | 2500758_P.Ind_2017-2018<br>2500758 _Informe_de_indicadores_2017-2018 |
| 4 | E15 | Plan de Ordenación Docente: información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc) | 2500758_E15_2017-2018 |
| 4 | E16 | Información sobre o persoal de apoio por Centro (número e cargo/posto desempeñado) | 5045_E16_2017-2018 |
| 4 | E17 | Análise das enquisas de avaliación da docencia (% participación, resultados, evolución, … ) | Autoinforme, Criterio 4 |
| 4 | I6 | Porcentaxe de participación do profesorado do título en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas | 5045_I6-I7_2017-2018 |
| 4 | I7 | Porcentaxe de participación do PAS do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas | 5045_I6-I7_2017-2018 |
| 4 | I8 | Resultados das enquisas de avaliación da docencia (%participación, resultados, evolución,… ) | 2500758_INF.13_2017-2018<br>2500758_INF.14_2017-2018 |
| 4 | I10 | Indicadores de mobilidade (número e porcentaxe de profesores que participan en programas de mobilidade sobre o total de profesorado do título) | 5045_I10_2017-2018 |

| | | | |
|---|---|---|---|
